

# Carmilla

Joseph Sheridan Le Fanu

Tradución de Luis de la Calle Carballal



## PRÓLOGO

Nun papel adxunto á narración que segue, o doutor Hesselius escribiu unha nota moi elaborada en que fai referencia ao seu ensaio sobre un asunto estraño que este manuscrito esclarece.

Trata este asunto misterioso, nese ensaio, coa súa usual erudición e perspicacia, e mais con notábel franqueza e condensación. Pero formando un volume da serie de escritos reunidos dese home extraordinario.

Como publico o caso, neste volume, simplemente para interesar aos “profanos”, non me anticiparei en nada á intelixente dama que o relata; e, tras debida consideración, decido, por tanto, absterme de presentar compendio ningún do razoamento do erudito doutor, ou extracto da súa exposición sobre un asunto que describe como “envolto, non improbablemente, nalgún dos máis profundos arcanos da nosa existencia dual, e os seus intermediarios”.

Estaba ansioso, en descubriendo este papel, por reabrir a correspondencia comezada polo doutor Hesselius, tantos anos antes, cunha persoa tan capaz e coidadosa como parece que foi a súa informante. Moi ao meu pesar, con todo, atopei que ela morrera no intervalo.

Ela, probabelmente, pouco puidera engadir á narración que expón nas páxinas seguintes con, ata onde me podo pronunciar, tal concienciada minuciosidade.

## I

### UN ANTIGO ARREPÍO

Aínda que non nos cremos nobres habitamos un castelo, ou *schloss*, en Estiria. Unha pequena renda, nesta parte do mundo, dá para moito. Oito ou novecentas libras ao ano fan maravillas. Pero apenas abondo para nos corresponder estar entre os ricos na patria. Meu pai é inglés, e eu levo un apelido inglés, aínda que nunca vin Inglaterra. Mais aquí, neste lugar senlleiro e primitivo, onde todo é tan abraiamente barato, en

verdade non vexo como moito máis diñeiro aumentaría materialmente de todo as nosas comodidades, ou mesmo os luxos.

Meu pai estivo ao servizo de Austria, e xa retirado cunha pensión e mais o seu patrimonio adquiriu esta residencia feudal e a pequena herdade en que se asenta: unha bicoca.

Nada pode ser máis pintoresco ou solitario. Érguese sobre unha leve elevación nunha fraga. O camiño, moi vello e estreito, pasa diante da súa ponte levadiza, nunca levantada no meu tempo, e no seu foso, poboado por percas e navegado por moitos cisnes, aboian na súa tona brancas frotas de abruños de río.

Sobre todo isto o *schloss* amosa a súa fachada ben chea de fiestras, as súas torres e a súa capela gótica.

A fraga ábrese nun irregular e moi pintoresco clareiro diante da súa porta e á dereita unha costenta ponte gótica sostén o camiño sobre un riacho que cobreguea por intensa sombra a través do bosque.

Dixen que este é un lugar moi solitario. Xulgue se teño dito verdade. Mirando desde a porta do vestíbulo cara ao camiño, a foresta en que o noso castelo se alza esténdese quince millas á dereita e doce á esquerda. A aldea habitada máis próxima está a unhas sete das súas millas inglesas para a esquerda. O *schloss* habitado máis próximo, cunha relevancia histórica, é o do vello xeneral Spielsdorf, preto de vinte distantes millas para a dereita.

Dixen “a aldea habitada máis próxima”, porque hai, a só tres millas ao oeste, é dicir na dirección do *schloss* do xeneral Spielsdorf, unha aldea en ruínas, coa súa senlleira igrexiña, agora sen teito, en cuxa nave lateral están as tumbas esboroadas da orgullosa familia dos Karnstein, agora extinta, que outrora posuíu o igualmente desolado castelo que, na espesura da fraga, domina as ruínas silandeiras da poboación.

Verbo da causa do abandono deste lugar notábel e melancólico, hai unha lenda que lle relatarei noutro momento.

Débolle dicir agora qué de pequenísimo é o grupo que constitúen os habitantes do noso castelo. Non inclúo serventes nin outros subalternos que ocupan cuartos nos edificios anexos ao *schloss*. Escoite e sorpréndase! Meu pai, que é o home máis bondadoso da Terra, pero está facéndose maior; e eu, que no tempo da miña historia tiña só dezanove anos. Oito anos pasaron desde entón. Meu pai e eu constituíamos a familia do *schloss*. Miña nai, unha dama estiria, morreu durante a miña infancia, pero eu tiveron unha aia bondadosa, que ten estado comigo desde, pódese dicir, a miña nenez. Non

podemos lembrar canto tempo hai que a súa face grosa e benigna non é un retrato familiar na miña memoria. Era Madame Perrodon, natural de Berna, cuxa coidadosa e boa natureza supliu en parte para min a perda de miña nai, a quen sequera lembro pois hai tanto que a perdín. Ela era a terceira persoa do noso grupiño para comer. Había unha cuarta: Mademoiselle De Lafontaine, unha dama tal como vostede chama, coido, unha “aia de refinamento”. Ela falaba francés e alemán, Madame Perrodon francés e un inglés imperfecto, ao cal meu pai e eu engadíamos o inglés que, en parte para previr a súa conversión nunha lingua perdida entre nós e en parte por motivos patrióticos, falabamos acotío. A consecuencia era un babel, que os estraños usaban para rir e que non farei esforzo ningún por reproducir nesta narración. E había dúas ou tres xoves señoritas amigas ademais, bastante próximas á miña idade, que eran visitantes ocasionais, durante máis ou menos períodos longos, e estas visitas eu ás veces devolvíaas.

Estas eran as nosas relacións sociais regulares, pero xaora había visitas casuais dos veciños de só cinco ou seis leguas de distancia. A miña vida era, emporiso, bastante a dunha persoa solitaria, pódollo asegurar.

Os meus gobernantes tiñan exactamente tanto control sobre min como vostede pode conxecturar que tales persoas terían no caso dunha rapaza consentida, cuxo único proxenitor lle toleraba case a súa propia vontade en todo.

O primeiro suceso na miña vida que produciu unha terríbel impresión sobre a miña mente, que de feito nunca se borrou, foi un dos máis antigos incidentes da miña vida que podemo lembrar. Algunha xente consideráralo tan insignificante, que se non debería recordar aquí. Vostede verá logo, con todo, por qué o menciono. O cuarto dos nenos, como era chamado, aínda que o tivese todo para min, era unha peza larga no andar superior do castelo, cun teito pino de carballo. Eu non tiña máis de seis anos, cando unha noite espertei e mirando en redor do cuarto desde o meu leito, non vin a doncela do cuarto das crianzas, nin sequera estaba a miña ama seca alí; e eu coideime soa. Non estaba asustada, porque era unha daquelas crianzas felices que foran estudosamente gardadas na ignorancia das historias de pantasmas, dos contos de mouras, e de toda crenza semellante que nos faga cubrir as nosas cabezas cando a porta renxe de súpeto ou o pestanexo dunha candeia esmorecente fai que a sombra dun poste da cama baile na parede, moi preto das nosas caras. Sentíame desgustada e insultada por me achar, como coidaba, abandonada e comecei a xemer, antes dun vigoroso ataque de griterío; cando para a miña sorpresa, vin unha cara solemne pero moi linda ollándome

desde o lado da cama. Era a dunha xove dama que estaba axeonllada, coas súas mans baixo o cobertor. Mireina cunha sorte de abraio gustoso e o choromiqueo cesou. Ela acariñoume coas súas mans e deitouse cabo de min no leito, e atraeume cara a ela, souril; sentinme decontado deliciosamente acougada e quedei durmida de novo. Estaba excitada por unha sensación coma se dúas agullas corresen por dentro do meu peito moi profundamente ao mesmo tempo e berrei en voz alta. A dama sobresaltouse, cos seus ollos fitándome e logo se deixou caer sobre o chan e, como coidei, agochouse baixo a cama.

Eu estaba agora por primeira vez asustada, e gritei con todas as miñas forzas. A ama seca, a doncela do cuarto de crianzas, a ama de chaves, todas chegaron a correr e escoitaron a miña historia, facendo luz sobre ela, podendo consolarme por un bocadiño. Mais, nena como era, puideron percibir que as súas faces estaban pálidas cun aspecto inusitado de ansiedade, e vinas mirar baixo a cama e ao redor do cuarto, e fisgar baixo as mesas e dar tiróns nos armarios; e a ama de chaves segredou á ama seca:

-Deita a túa man ao longo dese oco na cama; alguén xaceu aí, tan segura estou como que ti non fuches; o lugar está aínda quente.

Lembro a doncela do cuarto das crianzas agarimándome e as tres todas examinándome o peito, onde lles dixen que sentira a picada, e manifestando que non había sinal ningún visíbel de que tal cousa me sucedera.

A ama de chaves e as outras dúas serventas que estaban a cargo do cuarto das crianzas permaneceron en vela toda a noite e desde aquela vez unha serventa sempre andou á vela no cuarto dos nenos ata que tiveron en torno aos catorce anos.

Logo disto estiven moi nervosa por un longo período. Chamaron por un doutor: era pálido e ancián. Que ben recordo a súa longa cara apática, levemente picada de variola e a súa perruca castaña. Por unha boa tempada, cada segunda feira, viña e dábame a medicina, que abofé eu aborrecía.

A mañá seguinte á da que vin esta aparición estaba nun estado de terror e non podía aturar que me tocasen, malia que reinase a luz diurna, nin por un momento.

Lembro a meu pai presentándose e permanecendo de pé á cabeceira da miña cama, falando do boa gana e facendo á ama seca unha morea de preguntas, rindo moi sinceramente con cada unha das respostas; dándome palmadiñas nos ombros, bicándome, e dicíndome que non estivese asustada, que non foi máis nada ca un soño e me non puido mancar.

Porén eu non estaba consolada, porque cría que a visita da estraña muller non era un soño; e estaba temeramente asustada.

Consoloume un pouco a doncela do cuarto das crianzas en asegurándome que fora ela quen viñera e me mirara, e se recostara cabo de min na cama, e que eu medio soñando non debín de recoñecer a súa face. Mais isto, aínda que suposto pola ama seca, non me satisfixo de todo.

Lembro, no decurso daquel día, un venerábel ancián, de negra sotana, entrando no cuarto coa ama seca e mais a ama de chaves, falando un chisco con elas e moi bondadosamente comigo; a súa cara era moi doce e xentil, e díxome que eles ían rezar, e puxen as miñas mans xuntas e desexei dicir, caladamente, mentres eles estaban a rezar:

-Señor escoita todas as nosas boas pregarías, polo amor de Xesús.

Coido que estas foron as verdadeiras palabras, porque eu a miúdo as repetín para min, e a miña ama seca usounas durante anos para mas facer dicir nas miñas oracións.

Lembro ben tanto a reflexiva cara doce daquel vello de pelo branco, coa súa sotana negra, coma que estaba de pé naquel rude, elevado, castaño cuarto, co tosco mobiliario dunha moda de trescentos anos de antigüidade ao redor del, e a escasa luz entrando na súa atmosfera sombriza a través da pequena celosía. Axeonllábase, e as tres mulleres con el, e rezaba en alto cunha grave voz trémula durante, así mo parecía, longo tempo. Esquecín toda a miña vida precedente a ese suceso, e por algún tempo despois todo está escuro tamén, mais as escenas recén descritas persisten vívidas coma as imaxes illadas dunha fantasmagoría cercada pola escuridade.

## II

### UNHA HÓSPEDE

Agora vou dicirlle algo tan estraño que require toda a súa fe na miña veracidade para crer a miña historia. Con todo, non soamente é verdadeira, senón que é unha verdade da que fun testemuña.

Era un suave serán estival, e meu pai pedíume, como por veces facía, que dese un breve paseo con el por aquela fermosa vista do bosque que, xa o mencionei, se estendía en fronte do *schloss*.

-O xeneral Spielsdorf non nos pode vir ver tan pronto como eu esperaba –dixo meu pai, en tanto proseguíamos a nosa camiñada.

Estaba para nos facer unha visita por unhas semanas, e esperabamos a súa chegada para o día seguinte. Ía traer consigo unha señorita, a súa sobriña e pupila: Mademoiselle Rheinfeldt, a quen eu nunca vira, pero de quen ouvira describila como unha moi encantadora rapaza, e en cuxa compañía me prometera moitos días ditosos. Estaba máis decepcionada do que unha señorita que viva nunha cidade, ou nunha animada veciñanza, poida imaxinar. Esta visita, e a nova amizade que prometía, alimentara os meus soños cotiáns durante moitas semanas.

-E cando virá? –preguntei.

-Non ata o outono. Non durante dous meses, atévome a dicir –respondeu-. E agora estou moi contento, querida, de que nunca coñeceses a Mademoiselle Rheinfeldt.

-E logo? –preguntei, mortificada e curiosa asemade.

-Porque a pobre señorita morreu –replicou-. Esquecera de vez que non cho contara, pois non estabas no cuarto cando recibín a carta do xeneral esta tarde.

Estaba moi impresionada. O xeneral Spielsdorf mencionara na súa primeira carta, seis ou sete semanas antes, que ela non estaba tan ben como el desexara. Mais non había ren suxerindo a máis remota sospeita de perigo.

-Aquí está a carta do xeneral –dixo, dándoma en man-. Ténome que ten unha grande aflición; a carta paréceme que se escribiu moi preto da tolemia.

Sentámonos nun banco rude, baixo un grupo de magníficos tileiros. O sol estábase a pór con todo o seu melancólico esplendor tras o horizonte selvático, e o regato que flúe cabo do noso fogar, e pasa baixo a vella ponte pina que mencionei, cobregueaba a través dun numeroso grupo de árbores nobres, case aos nosos pés, reflectindo na súa corrente o carmesí descolorido do ceo. A carta do xeneral Spielsdorf era tan extraordinaria, tan vehemente, e nalgunhas partes tan contraditoria consigo, que a repasei dúas veces, a segunda en voz alta a meu pai, e aínda non fun quen de entendela, agás pola suposición de que a dor trastornara o seu maxín. Ela dicía:

“Perdín a miña querida filla, porque como tal a quería. Durante os derradeiros días da doenza de miña querida Bertha non lle puiden escribir. Antes disto non tiña idea do seu perigo. Perdina, e agora seino todo, tarde de máis. Morreu na paz da inocencia, e na esperanza gloriosa dunha bendita posteridade. O demo que traizoou a nosa hospitalidade cega fíxoo todo. Coidei que estaba a recibir na miña casa a inocencia, a ledicia, unha encantadora compañeira para a miña perdida Bertha. Ceos! Que tolo teño

sido! Agradezo a Deus que miña nena morreu sen unha sospeita da causa dos seus sofrentos. Foise sen sequera conxectar a natureza da súa doenza, nin a paixón maldita do axente de toda esta desdita. Consagrarei os días que me restan a perseguir e destruír un monstro. Téñome dito que podo esperar acadar o meu xusto e misericordioso propósito. Arestora hai apenas un raio de luz para me guiar. Maldigo a miña incredulidade orgullosa, a miña afectación desprezábel de superiodidade, a miña cegueira, a miña obstinación... todo, demasiado tarde. Non podo escribir ou falar serenamente agora. Estou perturbado. Tan pronto como teña un pouco de recuperación preténdome consagrar durante un tempo a pescudar, o cal posibelmente léveme tan lonxe como Viena. Nalgún momento do outono, deica dous meses, ou antes se vivo, vereino... Isto é, se vostede mo permite. Daquela díreille todo o que apenas me atrevo a pór sobre papel agora. Adeus. Rece por min, querido amigo.”

Nestes termos acababa a estraña carta. Aínda que nunca vira Bertha Rheinfeld, os meus ollos enchéronse de bágoas coa repentina información. Estaba asustada, tanto coma profundamente decepcionada.

O sol puxérase xa, e había crepúsculo cando lle devolvín a carta do xeneral a meu pai.

Era un grato serán claro, e entretivémonos especulando sobre os posíbeis significados das sentenzas violentas e incoherentes que xusto acababa de ler. Tivemos de camiñar preto dunha milla antes de acadar a estrada que pasa fronte ao *schloss*, e para entón a lúa estaba a lucir brillantemente. Na ponte levadiza atopamos a Madame Perrodon e Mademoiselle De Lafontaine, que saíran, sen as súas toucas, a gozar do exquisito luar.

Ouvimos as súas voces charlando en animado diálogo cando nos achegamos. Xuntámonos con elas na ponte levadiza, e xirámonos con elas para admirar a fermosa escena.

O clareiro polo cal xusto camiñáramos ficaba diante de nós. Á nosa esquerda a estrada estreita cobregueaba ao lonxe baixo grupos de árbores nobres e perdíase a súa visión entre a mesta foresta. Á dereita a mesma estrada cruzaba a costenta e pintoresca ponte, a carón da cal érguese unha torre ruínosa que unha vez gardou o paso, e alén da ponte levántase unha abrupta elevación, cuberta de árbores e exhibindo nas sombras algunhas grises rochas cheas de hedra.



Sobre a relva e o piso baixo estábbase a deslizar unha fita delgada de néboa, coma fume, marcando as distancias cun veo transparente; e aquí e acolá podíamos ver o río escintilando tenuemente no luar.

Ningunha escena máis macia, máis doce, se podía imaxinar. As novas que xusto escoitara fixérona melancólica, pero nada podía perturbar o seu carácter de serenidade profunda e a gloria encantada e a vaguidade do panorama.

Meu pai, que gozaba co pintoresco, e eu, quedámonos apreciando en silencio a extensión debaixo de nós. As dúas boas aias, permanecendo nun camiño diante de nós, conversaron sobre a escena e foron elocuentes sobre a lúa.

Madame Perrodon era grosa, de mediana idade e romántica, e falaba e suspiraba poeticamente. Mademoiselle De Lafontaine, facendo xustiza a seu pai, que era alemán, asumía ser psicolóxica, metafísica, e un pouco mística. Agora declaraba que cando a lúa brillaba cunha luz tan intensa era ben sabido que indicaba unha especial actividade espiritual. O efecto da lúa chea nun estado tal de brillantez era diverso. Actuaba sobre os sonhos, sobre a demencia, sobre a xente nervosa; tiña maravillosas influencias físicas conectadas coa vida. Mademoiselle relatou que o seu curmán, que era oficial dun buque mercante, botando unha soneca sobre cuberta nunha noite semellante, deitado sobre as súas costas, coa súa face toda ao luar, espertárase, logo dun sono cunha vella muller rabuñándoo nas meixelas, coas súas faccións horribelmente estarricadas nun lado; e o seu rostro nunca volveu recuperar de todo o seu equilibrio.

-A lúa, esta lúa –dixo ela-, está chea de influencia ódica e magnética; e ve, cando miras detrás de ti na fronte do *schloss*, como todas as súas fiestras escintilan e pestanexan con este esplendor prateado, coma se mans invisíbeis acenderan as luces dos cuartos para recibir hóspedes feéricos.

Hai estados indolentes dos espíritos en que, indispuestos para falar connosco mesmos, a fala doutros é pracenteira para os nosos ouvidos indiferentes; e eu fitaba, gustosa, o tintín da conversa das señoras.

-Tiven un dos meus estados de abatemento esta noite –dixo meu pai, após un silencio, e citando a Shakespeare, a quen, por mor de manter o noso inglés, adoitaba ler en voz alta, dixo:

“Realmente non sei por que estou tan triste.

Amólame esta tristeza, e dícides que tamén a vós;

Mais como a apañei, (...), como dei con ela...”

»Esquecín o resto. Mais sinto coma se algún grande infortunio estivese a pender sobre nós. Supoño que a carta aflixida do pobre xeneral tivo algo que ver con isto.

Nese momento o descostumado son das rodas dunha carruaxe e de moitos cascos sobre a estrada chamounos a atención. Parecían estar aproximándose desde o alto que domina a ponte e moi logo xurdía o séquito nese punto. Dous xinetes cruzaron primeiro a ponte, logo viña unha carruaxe tirada por catro cabalos e dous homes cabalgando detrás.

Parecía ser a carruaxe de viaxe dunha persoa de rango e nós todos estivemos decontado absortos mirando ese espectáculo inusual. Chegou a ser, nalgúns momentos, enormemente máis interesante, porque xusto cando a carruaxe pasaba a cúspide da estreita ponte, un dos cabalos guías, asustándose, comunicou o seu pánico ao resto, e após un brinco ou dous, o equipo enteiro rompeu nun bravo galope todos xuntos e cargou entre os xinetes que cabalgaban na fronte, chegando atronadoramente pola estrada cara a nós coa rapidez dun furacán.

A excitación da escena fixérase máis angustiada polos claros e moi prolongados gritos dunha voz feminina desde a ventá da carruaxe.

Todos nós avanzamos con curiosidade e horror; meu pai en silencio, o resto con varias exclamacións de terror.

O noso suspense non se fixo longo finalmente. Xusto antes de que acadar a ponte levadiza, sobre a ruta que viñeran, había na beiravía un magnífico tileiro, na outra banda había un vello cruceiro, á vista do cal os cabalos, indo agora nunha paz que era perfectamente pavorosa, desviáronse en canto puxeron a roda sobre as raíces saíntes da árbore.

Sabía qué estaba a ocorrer. Cubrín os meus ollos, incapaz de miralo e volví a miña cabeza fóra; no mesmo momento ouvín un grito das miñas amigas damas, que se afastaran un pouco.

A curiosidade abriu os meus ollos e vin unha escena de total confusión. Dous dos cabalos estaban no chan, a carruaxe deixaba para arriba o seu lado con dúas rodas no ar, os homes estaban ocupados en quitar o tiro, e unha dama, con ar e figura autoritario, saíra fóra e permanecía coas mans agarradas levantando o pano de man que tiña entre elas e os seus ollos de cando en vez. Pola porta da carruaxe agora estaba ergueita unha xove dama, que parecía estar sen vida. Meu querido vello pai estaba xa preto da outra dama, co seu chapeu na man, evidentemente ofrecendo a súa axuda e os

recursos do seu *schloss*. A dama parecía non ouviu nin ter ollos para nada fóra da rapaza esvelta que se estaba situando contra a pendente do banco.

Achegueime. A dama nova estaba aparentemente atordada pero de certo non morta. Meu pai, que se orgullaba de saber algo de medicina, tiña xusto os seus dedos no seu pulso e aseguraba á dama, que se declaraba como súa nai, que este, aínda que feble e irregular, era indubidabelmente aínda distinguíbel. A dama agarrou as súas mans e mirou cara arriba, coma nunha arrotada momentánea de gratitude, mais decontado estalou de novo nun comportamento teatral que é, coido, natural nalgunha xente.

Ela era o que se di unha muller ben curriña para a súa idade e puido ser fermosa, era lixeira pero non fraca e vestía de veludo negro, e víase bastante pálida pero cun rostro orgulloso e dominante, aínda que agora estrañamente afectado.

-Sempre estiveron tan cerca da calamidade? –ouvín como me dicía, coas mans apreixadas, cando me acheguei-. Aquí estou, nunha viaxe de vida e morte, en cuxa consecuencia perder unha hora é posíbel perdelo todo. A miña nena non se recuperará abondo para continuar a súa ruta en quen sabe canto tempo. Debo deixala e non verei o meu amor nin tampouco o ouvirei ata o meu regreso, deica tres meses.

Tirei a meu pai pola chaqueta e bisbei encarecidamente no seu ouvido:

-Oh! Papá, por favor pregúntalle para permitir a súa estancia connosco, podería ser tan delicioso. Faino, por favor.

-Se Madame confía a súa nena ao coidado de miña filla, axudaría a súa boa aia Madame Perrodon, e lle permite permanecer como a nosa hóspede, baixo o meu cargo, ata o seu regreso, outorgaríanos unha distinción e unha obriga, e trataríamola con todo o coidado e devoción que tan sagrada confianza merece.

-Non podo facer iso, señor, sería atarefar a súa bondade e cabaleirosidade tan cruelmente –dixo a dama, distraidamente.

-Sería, polo contrario, estar a conferirnos unha moi gran xentileza no momento que máis nos cómpre. Miña filla acaba de se decepcionar cun cruel infortunio, esperaba por unha visita da que había tempo que esperaba moita felicidade. Se vostede confía esta xove dama ao noso coidado será o seu mellor consolo. A vila máis próxima na súa ruta está lonxe, e non ofrece pousada ningunha que vostede considerase axeitada para a súa filla. Non pode consentir que continúe a súa viaxe durante algunha distancia considerábel sen póla en perigo. Se, como di, non pode suspender a súa viaxe, ha de partir sen ela á noite, e en ningures podería facer isto con máis honestas seguridades de coidado e delicadeza ca aquí.

Había algo no ar e aparencia desta dama tan distinguido, e mesmo imponente, e tan atraente nos seus modais, como para deixar a un, deixando totalmente á parte a dignidade do seu séquito, coa convicción de que era unha persoa de alcurnia.

Asemade a carruaxe devolveuse á súa posición vertical, e os cabalos, dóciles de vez, aos seus tiros de novo.

A dama lanzou unha ollada á súa filla que eu imaxinei que non era tan completamente afectuosa como alguén puido ter anticipado desde o inicio da escena; logo acenou lixeiramente a meu pai, e retirouse dous ou tres pasos con el fóra do alcance do ouvido; e faloulle cunha expresión firme e severa, non de todo como esa coa que falara ata agora.

Eu estaba ocupada co abraio de que meu pai non parecera percibir o cambio, e tamén inefabelmente curiosa por saber o que lle puidera falar, case na súa orella, con tanta seriedade e rapidez. Dous ou tres minutos ao sumo coído que estivo así ocupada, logo volveuse, e uns poucos pasos conducírona a onde a súa filla se deitaba, apoiada por Madame Perrodon. Axeonllouse preto dela por un intre e bisbou, como Madame supuxo, unha pequena benzón ao seu ouvido; logo bicándoa ás presas meteuse na súa carruaxe, a porta pechouse, os lacaios de maxestosas libreas subíronse detrás, os criados con monturas animáronse a continuar, os postillóns renxeron os seus látegos, os cabalos precipitáronse e romperon de socato nun furioso medio galope que ameazou pronto novamente con mudar a galope, e a carruaxe rodou lonxe, seguida coa mesma paz rápida por dous xinetes detrás.

### III

#### COMPARÁNDOMOS NOTAS

Seguimos o cortexo cos nosos ollos ata que estivo velozmente perdido á vista no bosque nebuloso, e o son verdadeiro dos cascós e as rodas morreron lonxe no ar silente da noite.

Nada quedou para asegurarnos que a aventura non fora unha ilusión dun momento fóra da xove dama, que xusto naquel momento abría os seus ollos. Eu podía non mirar para a súa face que estaba a volverse para min, pero ela alzou a súa cabeza, xaora observando, e eu escoitei unha moi doce voz preguntar queixosamente:

-U-la mamá?

A nosa boa Madame Perrodon respondeu tenramente e engadiu algúns confortábeis ánimos. E logo escoitou a súa pregunta:

-Onde estou? Que lugar é este? —e logo que ela dixo—. Non vexo a carruaxe, e Matska, ula?

Madame respondeu a todas as súas preguntas tanto como as comprendeu; e gradualmente a xove dama lembrou como o percance chegara, e alegrouse de ouvir que ninguén da carruaxe, nin do séquito, estaba ferido; e sabendo que a súa mamá a deixara aquí, ata o seu regreso dentro duns tres meses, ela chorou.

Eu achegábame para engadir as miñas consolacións ás de Madame Perrodon cando Mademoiselle De Lafontaine situou a súa man no meu brazo, dicindo:

-Non te acerques, un á vez é canto ela pode conversar neste momento; unha pequenísima excitación podería posibelmente sufocala agora.

Tan pronto como estivo ela confortabelmente no leito, coidei, corrín para arriba ao seu cuarto e mireina.

Meu pai mentres tanto enviara un servente montado dacabalo a polo galeno, quen vivía a unhas dúas leguas de distancia, e un dormitorio estaba a prepararse para o recibimento da xove dama.

A foránea ergueuse e apoiándose no brazo de Madame camiñou amodo sobre a ponte levadiza e dentro do portal do castelo.

No vestíbulo, os serventes esperaban para recibila e conducírona decontado ao seu cuarto.

O cuarto que decote usabamos como cuarto de estar é longo, tendo catro fiestras, que miran para o foxo e a ponte levadiza, sobre a paisaxe forestal que xusto describín.

Está amoblado en vello carballo tallado, con largos armarios gravados e as cadeiras están almofadadas con veludo en carmesí de Utrecht. As paredes están cubertas con tapizaría e circundadas con cadros de marcos dourados, as figuras sendo tan largas coma vívidas, en antigas e moi curiosas vestimentas, e os suxeitos representados están de caza, de cetraría e xeralmente festivos. Non é tan maxestoso nin extremadamente confortábel; e aquí tomabamos o noso te, que pola súa usual inclinación patriótica meu pai insistía en que a beberaxe debía formar parte regularmente co café e o chocolate.

Sentámonos aquí esta noite, e con candeas iluminadas, estivemos a falar sobre a aventura do serán.

Madame Perrodon e Mademoiselle De Lafontaine estiveron ambas na nosa reunión. A xove forasteira estaba apenas reclinada na súa cama cando se afundi nun profundo sono; e aquelas señoras deixárona ao coidado dunha serventa.

-Como atopa vostede a nosa hóspede? –preguntei tan pronto como entrou Madame-. Cómteme todo sobre ela.

-Gústame en extremo –respondeu Madame-, ela é, cóidoo case, a máis linda criatura que nunca vin da súa idade, e tan xentil e delicada.

-Ela é absolutamente fermosa –introduciu Mademoiselle, que esculcara un momento o cuarto da forasteira.

-E ten unha voz tan doce! –engadiu Madame Perrodon.

-Observou unha muller na carruaxe, despois de que fose erguida de novo, que non saíu –inquiriu Mademoiselle-, e só mirou desde a ventá?

-Non, non a vin.

Logo describiu unha horríbel muller negra, cunha sorte de turbante colorido na súa cabeza, que estaba a fitar todo o tempo desde a ventá da carruaxe, cabeceando e sorrindo con burla para as damas, con ollos fulgurantes de cumpridos globos brancos, e os seus dentes postos coma furiosos.

-Observou que un grupo de homes estaban a mirar mal os serventes? –preguntou Madame.

-Vin si –dixo meu pai, que acababa de chegar-, feos, avergoñados mirando para os compañeiros, como nunca contemplei na miña vida. Espero que non poidan roubar a pobre dama na foresta. Son espelidos pillabáns, con todo, puxeron todo ao dereito nun minuto.

-Atrévome a dicir que están esgotados con demasiada longa viaxe –dixo Madame-. Ademais mirando perversamente, as súas caras eran tan estrañamente fracas, e escuras e túzaras. Teño moita curiosidade, recoñezoo; mais atrévome a dicir que a xove dama nos dirá todo sobre isto mañá, se está abondo recuperada.

-Eu non o creo –dixo meu pai, cun sorriso misterioso e unha leve inclinación da súa cabeza, coma se coñecese máis sobre isto do que nos desexaba dicir.

Isto fíxome todo máis inquisitivo como o que pasara entre el e a dama de veludo negro, na breve pero importante entrevista que precedera inmediatamente á súa marcha.

Nós estabamos apenas lonxe cando lle supliquei que mo dixese. Non lle cumpríu moito apremio.

-Non hai ningunha razón particular pola que non cho deba dicir. Ela amosou un rexeitamento a amolarnos co coidado da súa filla, dicindo que era de saúde delicada e nervosa, pero non suxeita a ningunha clase de ataque, de xeito voluntario, nin a ningunha ilusión, estando, de feito, perfectamente sá.

-Que singular ao dicirche todo iso? –interpolei-. Era tan innecesario.

-En todo caso díxoo –riu-, e como desexas coñecer todo o que pasou, que en verdade foi moi pouco, cóntocho. Ela daquela dixo: “Estou a efectuar unha longa viaxe de importancia vital (recalcou a palabra), rápida e secreta. Tornarei a por miña filla dentro de tres meses. Entretanto, ela gardará silencio sobre quen somos, de onde vimos e para onde viaxamos”. Iso é todo o que dixo. Falaba un francés moi enxebre. Cando dixo a palabra “secreta”, vacilou por poucos segundos, mirando severamente cos seus ollos fixos nos meus. Supoño que lle dá unha grande importancia a iso. Xa viches que rápido marchou. Espero non ter feito algo estúpido en encargándome da xove dama.

Pola miña parte, estaba encantada. Estaba a devercer por vela e falar con ela, e só esperando ata que o doutor me dese permiso. Vostedes, que viven nas cidades non poden ter idea do grande acontecemento que é a presentación dunha nova amiga, nunha soidade como a que nos arrodeaba.

O doutor non chegou ata preto da unha en punto; mais xa non me podía ir á miña cama e durmir como non podía acadar, a pé, a carruaxe en que conducían lonxe á princesa con veludo.

Cando o galeno baixou ao salón, foi para informar moi favorabelmente sobre a súa paciente. Ela estaba agora sentada: dereita, co seu pulso regular de todo, en aparencia perfectamente ben. Non sufriu ningunha lesión, e a pequena conmoción nervosa desapareceu por completo sen dano. Así que podía ir vela sen dúbida ningunha, se ambas o desexabamos. E, con permiso, enviei recado, decontado, para ila visitar uns poucos minutos ao seu cuarto.

O servente regresou deseguida para me dicir que ela non quería máis nada ca iso. Vostede pode ter a certeza de que non demorei en me servir deste permiso.

A nosa visitante instálabase nunha das pezas máis barís do *schloss*. Era, talvez, un chisco maxestosa. Había un tapiz sombrío contra o pé da cama, representando a Cleopatra co áspide no seu peito; e outras solemnes escenas clásicas estaban expostas, un pouco descoloridas, sobre as outras paredes. Mais había tallas douradas, e cor rica e variada máis que dabondo nas outras decoracións do cuarto como para compensar a lobreguez do vello tapiz.

Había candeas a carón do leito. Ela sentábase dereita. A súa figura esvelta e bonita envolvíase nunha suave bata de seda, bordada con flores, e forrada cun groso acolchado de seda, que súa nai guindara aos seus pés mentres xacía no chan.

Mais que foi iso, en canto acadei a cabeceira da cama e recén comezara o meu pequeno saúdo, que me deixou muda nun intre e me fixo recuar un ou dous pasos diante dela? Contareillo.

Vin a mesma face que me visitara na miña infancia pola noite, que permanecera tan fixa na miña memoria, e sobre a que durante tantos anos tan a miúdo reflexionara con horror, cando ninguén sospeitaba en que estaba a pensar.

Era curriña, inclusive fermosa; e tiña a mesma expresión melancólica que cando a contemplei por primeira vez.

Mais esta iluminouse case ao instante cun estraño sorriso de recoñecemento. Houbo un silencio dun minuto enteiramente, e logo ao fin ela falou; eu non podía.

-Que marabilloso! –exclamou-. Hai doce anos vin a túa cara nun soño, e perseguírame desde entón.

-Marabilloso realmente! –repetín, dominando cun esforzo o horror que interrompera por un intre a miña fala-. Hai doce anos, como visión ou en realidade, de certo vinte. Non puiden esquecer o teu rostro. Permaneceu ante os meus ollos desde entón.

O seu sorriso suavizárase. Calquera cousa que eu supuxera estraño nel, fórase, e el e as súas meixelas con fochiñas eran agora deliciosamente bonitas e intelixentes.

Sentínme tranquilizada, e continuei máis na actitude que a hospitalidade indicaba, dándolle a benvida, e contándolle canto pracer nos dera a todos a súa chegada imprevista, e sobre todo que felicidade era para min.

Tomei a súa man mentres falaba. Eu era un pouco tímida, como o é a xente solitaria, pero a situación fíxome elocuente, e mesmo ousada. Ela apertou a miña man, xuntouna coas súas, e os seus ollos brillantes, mentres, miraron ás présas os meus, sorriu de novo e ruborizouse.

Respondeu á miña benvida moi agradabelmente. Senteime cabo dela, aínda abraida; e ela dixo:

-Déboche contar a miña visión sobre ti. É así moi estraño que ti e eu tivésemos, cada unha verbo da outra un soño así de vívido, que cada unha nos vísemos, eu a ti e ti a min, tal como somos agora, cando abofé ambas eramos meras crianzas. Eu era unha nena, duns seis anos, e espertaba dun soño confuso e axitado, e atopábame nunha peza



diferente á do cuarto dos nenos, de paredes revestidas toscamente nunha madeira escura, e con alacenas e armazóns de camas, e cadeiras, e escanos colocados en redor nela. As camas estaban, coidei, todas baleiras, e o cuarto sen ninguén fóra de min. E eu, logo de mirar ao meu arredor durante un anaco, e de admirar especialmente un candelabro de ferro con dous brazos, que de certo recoñecería de novo, desliceime debaixo dunha das camas para acadar a ventá. Mais cando saín de baixo da cama, ouvín a alguén berrando. E mirando para arriba, mentres estaba aínda sobre os meus xeonllos, vinte... eras certamente ti... como te vexo agora. Unha bela damiña con cabelo dourado e de grandes ollos azuis, e beizos... os teus beizos... ti como es agora. O teu feitío conquistoume. Encarameime na cama e puxen os meus brazos sobre ti, e coido que ambas as dúas nos quedamos durmidas. Fun acordada por un grito. Estabas incorporada a gritar. Estaba asustada e escorrínme para abaixo no chan, e, paréceme, perdín a consciencia por un momento. E cando volví en min, estaba de novo no cuarto dos nenos do meu fogar. A túa face nunca a teño esquecido desde entón. Non podería ser enganada por unha mera semellanza. Ti es a dama que vin daquela.

Era agora a miña quenda para relatar a miña correspondente visión, o cal fixen, para o abraio non disimulado da miña nova coñecida.

-Non sei cal estaría máis asustada das dúas –dixo, de novo sorrindo-. Se foses menos bonita coido que estaría moi asustada de ti, mais sendo como es, e ambas as dúas tan xoves, sinto que te coñecín hai doce anos, e que xa teño un dereito á túa intimidade. En todo caso, isto fai parecer coma se estivésemos destinadas, desde a nosa máis tenra infancia, a sermos amigas. Pregúntome se te sentes tan estrañamente atraída cara a min como eu o estou contigo. Nunca tivera unha amiga. Atoparei unha agora? –suspirou e os seus lindos ollos escuros fitáronme con paixón.

Agora a verdade é que eu sentía algo inexplicábel pola fermosa forasteira. Sentíame, como dicía ela, “atraída por ela”, pero había tamén algo de repulsión. Neste sentimento ambiguo, con todo, prevalecía inmensamente a sensación de atracción. Ela interesábame e conquistábame; era tan fermosa e tan indescritibelmente atractiva.

Mais advertín algo de languidez e esgotamento invadíndoa, e apresureime a darlle as boas noites.

-O doutor coida –engadín- que debería haber unha doncela sentada xunto a ti esta noite. Unha das nosas está a esperar, e descubrirás que é unha criatura moi servizal e plácida.

-Que amábel es, pero non podería durmir. Xamais puiden cunha asistente no cuarto. Non precisarei ningunha axuda... e, confesareiche a miña debilidade, estou obsesionada polo terror aos ladróns. Unha vez roubaron na nosa casa, e asasinaron dous serventes, polo que sempre aferrollo a miña porta. Volveuse un costume... e pareces tan amábel que sei que me perdoarás. Vexo que hai unha chave na pechadura.

Mantívome apertada cos seus lindos brazos durante un momento e bisboume ao ouvido:

-Boas noites, querida, é moi duro separarme de ti, pero boas noites. Mañá, pero non moi cedo, vereite de novo.

Abateuse para atrás na almofada cun suspiro, e os seus belos ollos seguíronme cunha mirada afectuosa e melancólica, e murmurou novamente:

-Boas noites, querida amiga.

A mocidade gusta, e mesmo ama, por impulso. Eu estaba afagada polo afecto evidente, aínda que ata agora inmerecido, que me amosaba. Gustábame a confianza coa que deseguida me recibira. Decidira que fósamos amigas moi íntimas.

O día seguinte chegou e encontrámonos outra volta. Eu estaba encantada coa miña compañeira. É dicir, en moitos aspectos.

O seu feitío non perdía ren á luz do día... era de certo a máis fermosa criatura que eu nunca vira, e a lembranza desagradábel da súa face presente no meu soño remoto, perdera o efecto do primeiro recoñecemento inesperado.

Ela confesou que experimentara unha conmoción similar en véndome, e precisamente a mesma antipatía vaga que se mesturara coa miña admiración por ela. Rímonos agora xuntas polos nosos horrores momentáneos.

#### IV

#### OS SEUS COSTUMES. UN PASEO

Xa lle contei que estaba encantada con ela nas máis das particularidades.

Había algunhas que non me pracián tanto.

Estaba por riba da estatura media das mulleres. Comezarei por describila. Era esvelta e maravillosamente elegante. Salvo que os seus movementos eran lánguidos... moi lánguidos... en verdade, nada había na súa aparencia que indicase unha doente. A

súa cute era viva e brillante; as súas faccións eran pequenas e belamente formadas; os seus ollos, grandes, escuros e relucentes; o seu cabelo era totalmente marabilloso. Nunca vin pelo tan magnificamente mesto e longo cando estaba para abaixo sobre os seus ombros. A miúdo colocaba as miñas mans baixo el, e ríame con abraio polo seu peso. Era exquisitamente fino e dondo, e coa cor dun vivo castaño moi escuro, con algo de dourado. Eu gustaba de llo deixar caer, derrubándose polo seu propio peso. Mentres, no seu cuarto, ela se recostaba na súa cadeira falándome coa súa doce voz baixa, eu adoitaba recollerllo e trenzarllo, e estenderllo e xogar con el. Ceos! Se soubera porén todo!

Dixen que había particularidades que non me agradaban. Conteille que as súas confidencias me conquistaron a primeira noite que a vin, mais atopei que mantiña sempre unha reserva vixiante verbo dela, súa nai, a súa historia, de feito con todo o relacionado coa súa vida, os seus plans e mais a súa xente. Eu diría que era irrazoábel, talvez era incorrecto. Eu diría que debín respectar o solemne requirimento feito a meu pai pola maxestosa dama vestida de veludo preto. Mais a curiosidade é unha paixón inqueda e pouco escrupulosa, e ningunha rapaza pode aturar, con paciencia, que a súa deba burlarse por outra persoa. Que dano podería facer a alguén que me contase o que tan ardentemente desexaba saber? Non tiña confianza ningunha no meu bo siso ou honor? Por que non me crería cando lle aseguraba, tan solemnemente, que non divulgaría nin unha sílaba do que me contase a ningún alento mortal.

Había unha frialdade, parecíame, alén dos seus anos, no seu sorridente, melancólico e persistente rexeitamento a proporcionarme o máis pequeno raio de luz.

Non podo dicir que rifásemos por este asunto, porque ela non rifaría por nada. Era, abofé, moi desleal pola miña parte insistirlle, mesmo moi groseiro, pero realmente non o puideron evitar; e puidera igual de ben deixalo en paz.

O que me contou equivalía, na miña pouco escrupulosa estimación, a nada.

Todo se resumía en tres revelacións moi vagas:

Primeiro: chamábase Carmilla.

Segundo: a súa familia era moi antiga e nobre.

Terceiro: o seu fogar situábase en dirección ao oeste.

Non me quixo dicir o apelido da súa familia, nin o seu escudo de armas, nin o nome da súa herdade, nin sequera o da bisbarra onde vivían.

Non debe supor que eu a amolaba incesantemente con estes temas. Agardaba a oportunidade, e máis ben insinuaba que instaba os meus interrogatorios. Unha ou dúas

veces, con todo, ataqueina máis directamente. Porén fosen cal fosen as miñas tácticas, o resultado era invariabelmente un fracaso absoluto. Todos os reproches ou caricias se desaproveitaban con ela. Mais hei engadir isto: que as súas evasivas estaban acompañadas cunha melancolía e unha desaprobación tan xentís, con tantas, e mesmo apaixonadas, declaracións da súa querenza por min, e confianza no meu honor, e con tantas promesas de que ao fin eu sabería todo, que non podía aturar no meu corazón por moito tempo estar anoxada con ela.

Adoitaba situar os seus lindos brazos ao redor do meu pescozo, atraerme cara a ela, e apoiando a súa meixela na miña, murmurar cos seus beizos preto do meu ouvido:

-Queridísima, o teu corazónciño está magoado. Non me xulgues cruel porque obedezo a lei irresistible da miña forza e febleza. Se o teu querido corazón está magoado, o meu salvaxe corazón sangra co teu. No arroubo da miña enorme humillación vivo na túa cálida vida, e ti morrerás... morrerás, docemente morrerás... dentro de min. Non o podo evitar. Así como me achego a ti, ti, á súa vez, achegaraste a outros, e decataraste do arroubo desa crueldade, que no entanto é amor.

»Así que, por algún tempo, non trates de saber máis nada de min e do meu, senón que confía en min con toda a túa amorosa alma.

E logo de falar así de entusiasticamente, apertábame máis estreitamente no seu abrazo trémulo, e os seus beizos con bicos dondos acenderon amodiño a miña meixela.

As súas axitacións e a súa linguaxe éranme inintelixíbeis.

Adoitaba desexar desembarazarme deses abrazos desatinados, que non eran de ocorrencia moi frecuente. Mais parecíanme faltar as enerxías. As súas palabras murmuradas soaban coma unha nana no meu ouvido, e apazugaban a miña resistencia nun transo, do cal eu só me parecía recobrar cando ela retiraba os seus brazos.

Non gustaba dela nestes misteriosos estados de mao xorne. Eu experimentaba unha excitación estraña e tumultuosa que era pracenteira, de cando en vez, mesturada cunha vaga sensación de medo e noxo. Non tiña ideas claras sobre ela namentres tales escenas duraban, pero era consciente dun amor convertíndose en adoración, e tamén en aborrecemento. Sei que isto é un paradoxo, pero non podo facer ningún outro intento para explicar o sentimento.

Escribo agora, logo dun intervalo de máis de dez anos, coa man trémula, cun recordo confuso e horríbel de certos sucesos e situacións, a través de cuxa proba estaba a pasar inconscientemente; aínda que cunha lembranza vívida e moi intensa do curso principal da miña historia. Mais, sospeito, que en todas as vidas hai certas escenas

emocionais, aquelas en que as nosas paixóns se despertaron máis salvaxe e terriblemente, que son de todas as demais as lembradas máis vaga e confusamente.

Por veces após unha hora de apatía, a miña estraña e fermosa compañeira collíame a man e mantiña a cunha fonda presión, renovada moitas veces; ruborizándose levemente, fitándose á cara con ollos lánguidos e ardentes, e alentando tan forte ca o seu vestido subía e baixaba coa tumultuosa respiración. Era coma o ardor dun namorado; turbábame; era odioso e emporiso irresistible. E con ollos deleitados atraíame cara a ela, e os seus beizos cálidos percorríanme as meixelas a bicos, e susurrábame, case en saloucos:

-Es miña, “serás” miña, ti e eu somos unha para sempre.

Despois botábase para atrás na súa cadeira, coas súas manciñas sobre os ollos, deixándose a tremer.

-Estamos emparentadas? –adoitáballe preguntar-. Que significa todo isto? Recórdoche talvez a alguén que amas. Mais non o debes facer, ódioo. Non te coñezo... nin me coñezo cando me miras e me falas así.

Ela adoitaba suspirar coa miña vehemencia, despois volvíase e soltábame a man.

Tocante a aquelas manifestacións tan extraordinarias esforzábame en van por formar algunha teoría satisfactoria: non as podía atribuír a finximento ou burla. Era inequivocamente o desatoamento momentáneo do instinto e mais a emoción contidos. Estaba suxeita, malia a negación espontánea de súa nai, a accesos breves de demencia? Ou había aquí un disfraz e unha ficción? Eu lera semellantes cousas en vellos libros de historias. E qué se un rapaz namorado atopara como entrar na casa, e buscara de proseguir o seu cortexo en mascarada, coa axuda dunha vella aventureira mañosa. Mais había moitas cousas en contra desta hipótese, sumamente interesante como era para a miña vaidade.

Eu podía presumir de non poucas atencións coma as que a galantería masculina se complace en ofrecer. Entre aqueles momentos apaixonados había longos intervalos de trivialidade, de alegría, de melancolía meditabunda, durante os que ás veces puideron non ser nada para ela, salvante que detectase os seus ollos tan cheos de melancólico lume seguíndome. Agás neses períodos breves de excitación misteriosa os seus modais eran puerís; e sempre había unha languidez nela, incompatíbel de todo cun corpo masculino en bo estado de saúde.

Dalgún xeito os seus costumes eran peculiares. Quizais non tan singulares na opinión dunha dama vilega coma vostede como nos parecían a nós, xente rústica.

Adoitaba baixar moi tarde, xeralmente non ata a unha, daquela tomaba unha cunca de chocolate, pero non comía ren. Logo saíamos a facer unha camiñada, que era un mero paseo, e ela parecía, case decontado, exhausta, e ou volvíamos ao *schloss* ou sentabamos nun dos bancos que estaban situados, aquí e acolá, entre as árbores. Esta era unha languidez corporal en que a súa mente non cadraba. Sempre era unha faladora animada e moi intelixente.

Por veces aludía por un momento ao seu propio fogar, ou mencionaba unha aventura ou situación, ou un recordo remoto, que indicaban unha xente de maneiras estrañas, e describían costumes dos que non sabíamos ren. Deducín daquelas alusións casuais que o seu país nativo estaba moito máis lonxincuo do que inicialmente supuxera.

En tanto estabamos sentadas dese modo unha tarde baixo as árbores pasou un funeral cabo de nós. Era o dunha bonita mociña, á que vira a miúdo: a filla dun dos gardas forestais. O pobre home estaba a camiñar detrás do cadaleito do seu amor. Era a súa única crianza, e parecía ter o corazón completamente roto. Campesiños camiñaban en parellas detrás, cantando un himno fúnebre.

Levanteime para indicar o meu respecto cando pasaban, e engadinme ao himno que moi docemente estaban a cantar.

A miña compañeira sacudíume un pouco bastante, e eu volvinme sorprendida.

Díxome bruscamente:

-Non te decatás de que desentoadado estás?

-Cóidoo moi doce, ao contrario –contestei, amolada pola interrupción, e moi incómoda, por medo de que a xente que formaba o cortexiño observase e se ofendese polo que estaba a pasar.

Continúei, por tanto, enseguida e de novo interrompeume.

-Tradéasme os ouvidos –dixo Carmilla, case iradamente, e tapou as súas orellas cos seus pequerrechiños dedos-. Ademais, como podes dicir que a túa relixión e a miña son a mesma. Os teus rituais férenme, e aborrezco os funerais. Vaia un alboroto! Ca, ti tes de morrer... todo o mundo ten de morrer; e todos son máis ditosos cando o fan. Vamos a casa.

-Meu pai marchou co crego ao camposanto. Coidei que sabías que ela ía ser soterrada hoxe.

-Ela? Non perturbo a miña cabeza con campesiños. Non sei quen é –respondeu Carmilla, cun resplandor dos seus preciosos ollos.

-Ela é a pobre rapaza que imaxinou que vira un fantasma hai unha quincena, e andou a morrer desde entón, ata onte, cando expirou.

-Non me digas ren sobre fantasmas. Non durmirei pola noite se o fas.

-Espero que non estea a chegar ningunha praga ou febre; todo isto ben o parece – continúei-. A xove muller do porqueiro morreu hai só unha semana, e coidaba que algo a agarraba pola gorxa mentres xacía no seu leito, e case a esganaba. Papá di que tales fantasías horribéis acompañan a algunhas formas de febre. Ela estaba ben de todo o día anterior. Esmoreceu despois, e morreu antes dunha semana.

-Ben, o seu funeral está concluído, espero, e o seu himno cantado; e os nosos ouvidos non se torturarán con esa disonancia e esa xerga. Púxome nervosa. Séntate acá, xunto a min; senta moi preto. Tómame a man. Apértaa forte... forte... máis forte.

Recuaramos unha chisca, e chegamos a outro asento.

Ela sentouse. A súa face experimentou unha mudanza que me alarmou e mesmo me aterreceu por un instante. Escureceuse e púxose horribelmente lívida. Os seus dentes e as súas mans estaban apertados, e engurraba e comprimía os seus beizos, en tanto fitaba para abaixo no chan onda os seus pés, e tremía completamente cun estremecemento continuo tan irreprimíbel coma o da malaria. Todas as súas enerxías parecían en tensión para conter unha arrotada, coa que estaba daquela a forcexar sen alento. E á fin un grito baixo e convulso de sufrimento saíu dela, e gradualmente a histeria deveceu.

-Mira! É o que pasa por afogar a xente con himnos! –dixo finalmente-. Apáñame, apáñame aínda. Está a pasarse logo.

E así ocorreu aos poucos. E quizais para disipar a impresión sombriza que o espectáculo me producira, púxose inusualmente animada e paroleira; e deste xeito marchamos a casa.

Esta foi a primeira vez que a vira amosar algúns síntomas definidos desa delicadeza de saúde da que súa nai nos falara. Foi a primeira vez, tamén, que a vira amosar algo semellante a temperamento.

Ambos pasaron logo coma unha nube estival, e nunca agás unha vez despois fun testemuña pola súa parte dunha mostra momentánea de cólera. Contareille como ocorreu.

Ela e eu estabamos a ollar para fóra desde unha das longas fiestras do salón, cando aló entraba ao patio, sobre a ponte levadiza, a figura dun vagabundo que eu coñecía moi ben. Adoitaba visitar o *schloss* xeralmente dúas veces ao ano.

Era a figura dun chepudo, coas claras faccións enxoitas que polo xeral acompañan a deformidade. Levaba unha afiada barba negra, e andaba a sorrir de orella a orella, amosando os seus albos cairos. Estaba vestido de ante, negro e escarlata, e cruzado con máis correas e cintos dos que eu podía contar, dos cales penduraban toda clase de cousas. Detrás carrexaba unha lanterna máxica, e dúas caixas, que eu ben coñecía: nunha delas había unha salamántiga e na outra unha mandrágora. Estes monstros adoitaban facer rir a meu pai. Estaban compostos de partes de macacos, papagaios, esquíos, peixes e ourizos cachos, secados e cosidos xuntos con grande habelencia e sorprendente efecto. Tiña un violín, unha caixa de aparellos esconxuradores, un par de floretes e máscaras prendidos ao seu cinto, varios outros estoxos misteriosos abaneando arredor del, e un bastón preto con punteira de cobre na man. O seu compañeiro era un can hirsuto e fraco, que lle pisaba os talóns, mais que se parou en seco, sospeitosamente na ponte levadiza, e nun momentíño comezou a ouvear lugubrementemente.

Mentres tanto, o charlatán, dereito no medio do patio, alzou o seu grotesco chapeu, e fíxonos unha reverencia moi cerimoniosa, dirixíndonos os seus cumprimentos moi locuaces nun francés execrábel e un alemán non moito mellor. Logo, soltando o seu violín, principiou a rascar un ar vivo que cantou con alegre disonancia, danzando con modos ridículos e vivacidade, que me fixeron rir, malia o ouveo do can.

Despois avanzou para a ventá con moitos sorrisos e saúdos, e o seu chapeu na man esquerda, o seu violín debaixo do brazo, e cunha fluidez que non tomaba respiro, parolou un longo anuncio de todas as súas habilidades, e os recursos das artes varias que puña ao noso servizo, e as curiosidades e distraccións que estaban no seu poder, á nosa orde, para amosalas.

-As súas señorías terán o gusto de me mercar un amuleto contra o upiro, que anda activo coma o lobo, ouvín, a través destas fragas –dixo deixando caer o seu chapeu no pavimento-. Están a morrer disto por todas as partes e aquí está un talismán que nunca falla; só prendelo ao cabezal, e pode rirse na súa cara.

Estes amuletos consistían en tiras oblongas de vitela, con cifras cabalísticas e diagramas sobre elas.

Carmilla adquiriu un ao instante, e o mesmo fixen eu.



El mirou para arriba, e nós estabamos a sorrir para abaixo sobre el, divertidas; ao menos, podo responder por min mesma. A súa penetrante ollada negra, mentres miraba para as nosas faces, pareceu detectar algo que fixou por un instante a súa curiosidade.

No intre desenrolou un estoxo de coiro, cheo de toda sorte de singulares instrumentiños de aceiro.

-Mire aquí, miña señora –dixo, amosádomos e dirixíndose a min-. Eu profeso, entre outros choios menos útiles, a arte da odontoloxía. Praga de can! –interpolou-. Silencio, besta! Ouvea tanto ca as súas señorías apenas poden ouvir unha palabra. A súa nobre amiga, a dama nova da súa dereita, ten os dentes aguzadísimos... longos, finos, afiados, coma unha subela, coma unha agulla; ha, ha! Coa miña vista aguda e longa, cando miraba para arriba, vinos claramente. Ora se resulta que danan á dama nova, e coido que deben, aquí estou eu, aquí está a miña lima, o meu punzón, as miñas pinzas. Fareillos redondos e romos, se á súa señoría lle praxe. Xa non os dentes dun peixe, senón os dunha fermosa dama nova como é ela. E logo? Está a dama nova desgustada? Fun demasiado ousado? Ofendina?

A dama nova, en verdade, parecía moi anoxada cando se retirou da xanela.

-Como se atreve ese charlatán a nos insultar así? U-lo teu pai? Demandareille reparación. Meu pai ataría o canalla á bomba, e azoutaría cun látego carreteiro, e aburaría os restos co ferro de marcar do castelo!

Ela retirouse da fiestra un ou dous pasos e sentouse, e apenas perdera de vista ao ofensor cando a súa ira deveceu tan de súpeto como medrara, e gradualmente recobrou o seu ton usual, e pareceu esquecerse do chepudiño e os seus disparates.

Meu pai estaba abatido aquela noite. En chegando contounos que houbera outro caso moi similar aos dous fatais que ocorreran ultimamente. A irmá dun campesiño mozo da súa facenda, a só unha milla de distancia, estaba moi enferma. Fora atacada, segundo o describía ela, moi aproximadamente do mesmo xeito, e agora estaba amodo pero firmemente esmorecendo.

-Todo isto –dixo meu pai- é estritamente atribuíbel a causas naturais. Esta pobre xente inféctase uns a outros coas súas supersticións, e así repiten na imaxinación as imaxes de terror que inzaron aos seus veciños.

-Mais esa mesma circunstancia asusta a unha horribelmente –dixo Carmilla.

-Como é isto? –inquiriu meu pai.

-Teño tanto medo de imaxinar que vexo tales cousas. Coido que sería tan mao coma na realidade.

-Estamos nas mans de Deus: nada pode suceder sen o seu permiso, e todo rematará ben para aqueles que o aman. É o noso fiel creador. Fíxonos a todos, e coidará de nós.

-Creador! Natureza! –dixo a xove dama en resposta ao meu xentil pai-. E esta doenza que invade a comarca é natural. Natureza. Todas as cousas proceden da natureza... non deles? Todas as cousas no ceo, na terra, e baixo da terra, actúan e viven conforme ordena a natureza? Así o coido.

-O doutor dixo que viría aquí hoxe –dixo meu pai, após un silencio-. Quero saber que pensa sobre isto, e que pensa que é mellor que fagamos.

-Os doutores nunca me fixeron ben ningún –dixo Carmilla.

-Entón estiveches enferma? –preguntei.

-Máis enferma do que nunca estiveches ti –respondeu.

-Hai tempo?

-Hai, moito tempo. Padecín esta mesma enfermidade. Mais esquecín todo agás a miña dor e febleza, e non foron tan más coma as que se padecen noutras doenzas.

-Eras moi nova daquela?

-Figúrome. Non falemos máis disto. Non quererás magoar unha amiga?

Miroume languidamente aos ollos, e pasou o seu brazo ao redor do meu van cariñosamente, e levoume fóra do cuarto. Meu pai estaba ocupado con algúns papeis preto da xanela.

-Por que teu pai gusta de nos asustar? –dixo a curriña rapaza cun suspiro e un estremecementiño.

-Non o fai, querida Carmilla. Iso é algo que está ben lonxe da súa mente.

-Estás asustada, queridísima?

-Estaríao moitísimo se imaxinase que hai algún perigo real de ser atacada como o foi esa pobre xente.

-Estás asustada por morrer?

-Estou, cada cal o está.

-Mais morrer como poden os amantes... morreren xuntos, para que poidan vivir xuntos. As rapazas son eirugas en tanto viven no mundo, para seren finalmente bolboretas cando chega o verán; pero mentres tanto hai vermes e larvas, non ves... cada unha coas súas inclinacións peculiares, necesidades e estrutura. Así o di Monsieur Buffon, no seu gran libro, no cuarto contigo.

Máis tarde nese día veu o doutor, e estivo encerrado con papá durante algún tempo. Era un home destro, de máis de sesenta anos, ía empoado, e rasuraba a súa pálida face tan tersa coma unha cabaza. El e papá xurdiron do cuarto xuntos, e ouvín a papá rir e dicir en canto saían:

-Ben, cáusame abraio nun home asisado coma vostede. Que me di de hipogrifos e dragóns?

O doutor estaba a sorrir e deu unha resposta, meneando a cabeza.

-Non obstante, a vida e a morte son estados misteriosos, e pouco sabemos dos recursos de ambos.

E así marcharon, e non escoitei máis nada. Daquela non souben que estivera a expor o doutor, pero coido que o conxecturo agora.

## V

### UNHA SEMELLANZA ABRAIANTE

Ese serán chegou de Graz o fillo do restaurador de cadros, serio e de rostro sombrizo, cun cabalo e unha carreta cargada con dúas cumpridas caixas embaladas, que contiñan varias pinturas cada unha. Era unha viaxe de dez leguas, e sempre que chegaba ao *schloss* un mensaxeiro da nosa pequena capital Graz, adoitabámonos apiñar ao redor del na sala, para escoitar as novas.

Esta chegada creou unha gran sensación na nosa retirada morada. As caixas permaneceron na sala, e do mensaxeiro fixéronse cargo os serventes ata que comeu a súa cea. Logo con axudantes, e armado con martelo, escoupro e desparafusador, reuniuse connosco na sala, onde nos congregáramos para presenciar a desembalaxe das caixas.

Carmilla sentouse mirando con indiferenza, mentres unha tras outra as vellas pinturas, case todas retratos, que se someteran a un proceso de restauración, expuñáanse á luz. Miña nai era dunha antiga familia húngara, e as máis destas pinturas, que estaban para se restituír aos seus lugares, chegáranos a través dela.

Meu pai tiña unha lista na man, a cal lía, en tanto o artista tiraba fóra os números correspondentes. Non sei se os cadros eran moi bos, pero eran, sen dúbida, moi antigos,

e algúns deles moi curiosos ademais. Tiñan, na súa maior parte, o mérito de que os vise agora, debo dicilo, por primeira vez; pois o fume e o po do tempo case os borrarán.

-Hai un cadro que aínda non vin –dixo meu pai-. Nunha esquina, na parte superior, está o nome, así como o podo ler, de “Marcia Karnstein” e a data de “1698”. E teño curiosidade por ver como quedou.

Lembrábao. Era unha pinturiña sen marco, dun pé e medio de altura, e case cadrada. Mais estaba tan negrexada polo tempo que nunca a puiden valorar.

O artista amosouna agora, con orgullo evidente. Era realmente bela. Era sorprendente. Semellaba estar viva. Era a efíxide de Carmilla!

-Carmilla, querida, isto é un absoluto milagre. Aquí estás, viva, risoña, lista para falar, nesta pintura. Non é marabilloso, papá? E mira, mesmo ten o lunariño no seu pescozo!

Meu pai riu e dixo:

-De certo que é unha semellanza abraiante.

Mais mirou para outro lado, e para sorpresa miña parecía moi pouco sorprendido por isto, e seguiu a falar co restaurador de cadros, que tiña amais algo de artista e conversaba con intelixencia sobre os retratos e outras obras, aos que a súa arte acababa de pór luz e cor, en tanto eu estaba cada vez máis perdida no meu abraio canto máis miraba a pintura.

-Deixarásme colgar este cadro no meu cuarto, papá? –preguntei.

-Xaora, querida –dixo, sorrindo-. Alégame que o coides tan parecido. Debe ser máis lindo inclusive do que eu pensaba, se é así.

A dama nova non agradeceu este bonito discurso, nin pareceu ouvílo. Estaba recostada no seu asento, os seus preciosos ollos baixo as súas longas pestanas fitándome en contemplación, e sorría nunha sorte de arroubo.

-E agora pódese ler de todo claramente o nome que está escrito na esquina. Non é Marcia. Parece coma se estivese feito en dourado. O nome é Mircalla, condesa Karnstein, e hai unha coroiña acima e debaixo Anno Domini 1698. Eu descendo dos Karnstein; é dicir, mamá o era.

-Ah! –dixo a dama, languidamente-. Eu tamén son, coido, unha moi distante descendente, moi antiga. Vive agora algún Karnstein?

-Ningún que leve o apelido, creo. A familia arruinouse, coido, en varias guerras civís, hai moito tempo, pero as ruínas do castelo están só a unhas tres millas de distancia.

-Que interesante! –dixo ela, languidamente-. Mais olla que fermoso luar!

Ela botou un xis a través da porta da sala, que quedou un pouco aberta.

-Deamos un paseño ao redor do patio e miremos abaixo o camiño e o río.

-Está o mesmo ca a noite que nos chegaches –dixen.

Ela suspirou, sorrindo.

Alpeirou e, cada unha co seu brazo no van da outra, saímos sobre o pavimento.

En silencio, amodo baixamos á ponte levadiza, onde a fermosa vista se abría ante nós.

-É así que te estabas a lembrar da noite en que cheguei aquí? –case me murmurou-. Alégrate que viñese?

-Estou encantada, querida Carmilla –respondín.

-E pediches o cadro que coidas parecido comigo, para colgalo no teu cuarto – murmurou cun suspiro, mentres cinxía o seu brazo máis cerradamente no meu van, e deixaba caer a súa xentil cabeza no meu ombro.

-Que romántica es, Carmilla –dixen-. Cando queira que me contes a túa historia, estará composta principalmente por algún gran romance.

Ela bicoume ás caladas.

-Estou segura, Carmilla, de que estiveches namorada; que hai, neste momento, un asunto do corazón obrando.

-Nunca estiven namorada de ninguén, e nunca o estarei –murmurou-; bardante que o estea de ti.

Que fermosa aparecía ao luar.

Tímida e estraña foi a expresión coa que decontado ocultou a súa face no meu pescozo e cabeleira, con suspiros tumultuosos que semellaban case saloucos, e premendo na miña cunha man que tremía.

A súa donda meixela estaba acesa contra a miña.

-Querida, querida –murmurou-, eu vivo en ti; e ti morrerás por min. Ámote tanto.

Solteime dela.

Estábame a fitar cuns ollos dos que todo lume, todo significado desapareceran, e cun rostro descolorido e apático.

-Non vai unha friaxe no ar, querida? –dixo con somnolencia-. Case tremo. Estiven a soñar? Vaíamos dentro. Vamos, vamos, entremos.

-Pareces doente, Carmilla. Un pouco feble. De certo deberías tomar algo de viño –dixen.

-Si, fareino. Estou mellor agora. Estarei ben de todo nuns poucos minutos. Si, dáme un pouco de viño –respondeu Carmilla, mentres nos achegabamos á porta-. Miremos de novo por un intre; quizais sexa a derradeira vez que vexa o luar contigo.

-Como te sentes agora, querida Carmilla? Estás de veras mellor? –preguntei.

Estaba comezando a me alarmar, non fose que fora golpeada pola estraña epidemia que disque invadira a bisbarra ao redor de nós.

-Papá estaría aflixido en demasía –engadín-, se coidase que algunha vez estiveches un pouco doente sen que deseguida llo désemos a coñecer. Temos un doutor moi experto preto de aquí: o médico que estaba con papá hoxe.

-Estou segura de que o é. Sei o bondadosos que sodes todos. Mais, querida nena, estou completamente ben de novo. Non hai nada defectuoso decontino en min, agás unha febleciña. A xente di que son lánquida. Son incapaz de esforzos. Apenas podo camiñar tan lonxe coma un neno de tres anos. E de cando en vez a forciña que teño vacila, e pñoome como me acabas de ver. Pero despois de todo restabelézome de novo moi doadamente; nun momento son perfectamente eu mesma. Mira cómo me recuperei.

Así era, en verdade. E ela e eu falamos moito, e estivo moi animada. E o resto daquela velada pasou sen ningunha reaparición do que eu chamaba os seus apaixonamentos. Quero dicir a súa tola fala e fasquía, que me turbaba e mesmo me asustaba.

Mais aquela noite ocorreu un suceso que deu un novo xiro completamente aos meus pensamentos, e pareceu sobresaltar inclusive a natureza lánquida de Carmilla nunha enerxía momentánea.

## VI

### UNHA ANGUSTIA ESTRAÑÍSIMA

Cando nos metemos no salón, e sentámonos para o noso café e chocolate, aínda que Carmilla non tomou ren, semellaba completamente ela mesma de novo, e Madame e Mademoiselle De Lafontaine xuntáronsenos, e xogamos unha partidiña de cartas, no decurso da cal papá veu para o que chamaba a súa “cunca de té”.

Cando o xogo rematara sentou a carón de Carmilla no sofá, e preguntoulle, un pouco ansiosamente, se desde a súa chegada soubera algo de súa nai.

-Non –respondeu ela.

Logo preguntoulle se sabía a onde podería facerlle chegar unha carta no presente.

-Non o podo dicir –respondeu ambiguamente-, pero estiven a pensar en deixalos: xa foron demasiado hospitalarios e demasiado amábeis comigo. Deilles unha infinidade de perturbacións, e desexaría tomar unha carruaxe mañá e viaxar en postas na súa busca. Sei onde a atoparei finalmente, aínda que non me atrevo con todo a llo dicir.

-Mais non debe nin soñar con facer tal cousa –exclamou meu pai, para o meu grande alivio-. Non nos podemos permitir perdela así, e non lle consentirei que nos deixe, agás a cargo de súa nai, que foi tan boa como para lle consentir a súa permanencia connosco ata que ela regresase. Serei completamente feliz se sei que vostede soubo dela. Porén este serán os informes do progreso da misteriosa enfermidade que invadiu a nosa veciñanza vólvense inclusive máis alarmantes. E miña bela hóspede, sen a axuda do consello de súa nai, sinto a responsabilidade moitísimo. Porén farei o mellor; e unha cousa é certa, que non debe pensar en nos deixar sen o seu claro mandato a ese efecto. Sofreríamos de máis en separándonos de vostede como para consentilo doadamente.

-Grazas, señor, un millar de veces pola súa hospitalidade –respondeu, sorrindo timidamente-. Foron todos demasiado amábeis comigo. Poucas veces fun tan feliz en toda a miña vida antes, como no seu fermoso castelo, baixo o seu coidado, e na compañía da súa querida filla.

De modo que el galantemente, co seu anticuado costume, bicoulle a man, sorrindo e compracido polo discurso dela.

Acompañei a Carmilla como acotío á súa alcoba, e senteime e charlei con ela mentres se estaba a preparar para a cama.

-Coidas –díxenlle á fin- que vas confiar sempre plenamente en min?

Ela volveuse sorrindo, pero non deu resposta ningunha, só continuou a sorrir para min.

-Non me vas responder a isto? –dixen-. Non me podes responder satisfactoriamente. Non cho debера preguntar.

-Estás completamente no teu dereito de me preguntar isto ou calquera cousa. Non sabes qué querida es para min, nin poderías pensar en confianza ningunha

meirande que buscares. Mais estou baixo votos, ningunha monxa os ten a metade de terríbeis, e non me atrevo a contar a miña historia aínda, nin sequera a ti. Está moi próximo o día en que coñecerás todo. Coidarasme cruel, moi egoísta, pero o amor é sempre egoísta. Non podes saber como estou de ciumenta. Debes vir comigo, amándome, ata a morte; ou senón ódiame e aínda ven comigo, e odiándome a través da morte e despois. Non hai semellante palabra como indiferenza na miña natureza apática.

-Agora, Carmilla, estás a te pór a falar o teu disparatado sen sentido de novo – dixeran ás présas.

-Non o farei, necia parviña como son, e chea de antollos e fantasías; pola túa causa falarei coma un sabio. Estiveches algunha vez nun baile?

-Non. Anda continúa. A que se parece? Que encantador debe de ser?

-Case o esquecín, hai tantos anos.

Eu rin.

-Non es tan vella. O teu primeiro baile púidoseche esquecer dificilmente aínda.

-Lémbroo todo con esforzo. Véxoo todo, coma os mergulladores ven o que está a pasar acima deles, a través dun medio denso, ondulado, pero transparente. Algo ocorreu aquela noite que confundiu a imaxe, e fixou as súas cores apagadas. Fun case asasinada na miña cama, feríronme aquí –tocouse o peito- e nunca volvíñ ser a mesma desde entón.

-Estiveches para morrer?

-Estiven, por un amor cruel, moi estraño amor, que quería apañar a miña vida. O amor quer ter os seus sacrificios. Non hai sacrificio sen sangue. Vamos durmir agora. Síntome tan preguizosa. Como podo alpeirar mesmo agora e pechar a miña porta?

Estaba deitada coas súas pequerrechiñas mans soterradas no seu rico cabelo ondulado, baixo a súa meixela, a súa cabeciña sobre a almofada, e os seus coruscantes ollos seguíndome onde queira que me movese, cunha sorte de sorriso apoucado que eu non podía descifrar.

Deille as boas noites, e saín subrepticamente do cuarto cunha sensación incómoda.

A miúdo preguntábame se a nosa curriña hóspede dicía os seus rezos decote. Eu de certo xamais a vira de xeonllos. Á mañá nunca baixaba ata moito despois de que rematasen as nosas oracións familiares, e á noite nunca deixaba o salón para asistir aos nosos breves rezos vespertinos na sala.



Se non fose que casualmente saíu nunha das nosas despreocupadas conversas que a bautizaran, dubidaría que fose unha cristiá. A relixión era un tema sobre o cal xamais a escoitara dicir unha palabra. Se coñecera mellor o mundo, esta particular omisión ou antipatía non me sorprendería tanto.

As preocupacións da xente nervosa son contaxiosas, e as persoas cun temperamento semellante é bastante seguro, após un tempo, que as imiten. Eu adoptara o costume de Carmilla de pechar a porta da alcoba, apañando dentro da miña cabeza todas as súas alarmas caprichosas sobre invasores de medianoite e asasinos asexantes. Tamén adoptara a súa precaución de facer un breve rexistro por toda ela, para me convencer de que ningún asasino ou ladrón á espreita estaba “agochado”.

Tomadas estas asisadas medidas, metinme na cama e quedei durmida. Unha luz estaba prendida no meu cuarto. Este era un vello costume de data moi remota, e ao que nada me tentaría de prescindir.

Fortificada deste xeito podía pasar o resto da noite en paz. Mais os soños atravesan muros de pedra, aluman cuartos escuros, ou escurecen a luz dos mesmos, e as personaxes deles fan as súas saídas e mais as súas entradas como lles praxe, e rinse dos cerralleiros.

Aquela noite tiven un soño que foi o comezo dunha angustia estrañísima.

Non lle podo chamar pesadelo, porque era totalmente consciente de estar durmida. Mais era igualmente consciente de estar no meu aposento, deitada na cama, exactamente como en verdade estaba. Vin, ou imaxinei ver, a peza e o seu mobiliario xusto como os vira por última vez, agás que estaba moi escuro, e vin algo movéndose ao redor dos pés da cama, que ao primeiro non puider distinguir con exactitude. Porén pronto vin que era un animal negro coma a feluxe que se asemellaba a un gato monstruoso. Pareceume duns catro ou cinco pés de longo porque medía enteiramente a lonxitude da alfombra da cheminea cando pasou sobre ela; e mantíñase indo e vindo coa inquedanza flexíbel e sinistra dunha besta nunha gaiola. Non podía berrar, aínda que como vostede pode supor, estaba aterrecida. O seu paso era crecentemente máis veloz, e o cuarto cada vez máis e máis escuro, e ao final tan escuro que non podía ver nada máis del quitando os seus ollos. Sentino brincar con lixeireza sobre a cama. Os dous largos ollos achegáronse á miña cara, e de súpeto sentín unha dor punxente coma se dúas cumpridas agullas aseteasen, cunha ou dúas polgadas de separación, profundamente o meu peito. Acordei cun grito. O cuarto estaba iluminado pola candeia que se queimaba enteira durante a noite toda, e vin unha figura feminina ergueita aos pés da cama, un

pouco ao lado dereito. Tiña un frouxo vestido escuro, e a súa cabeleira caía para abaixo e cubría os seus ombros. Un bloque de pedra non podía estar máis inmóbil. Non había o máis lene movemento de respiración. Mentres eu a fitaba, a figura pareceu mudar de lugar, e agora estaba máis preto da porta. Logo, xunto a ela, a porta abriuse, e ela saíu.

Estaba agora aliviada, e capaz de respirar e moverme. O meu primeiro pensamento foi que Carmilla estivera a gastarme unha broma, e que eu esquecera asegurar a miña porta. Precipiteime contra ela, e atopeina pechada como adoito por dentro. Asustábame abrila... estaba horrorizada. Choutei dentro do meu leito e cubrín de todo a miña cabeza coa roupa da cama, e xacín alí máis morta ca viva ata a mañá.

## VII

### DEVECENDO

Sería inútil a miña tentativa por contarlle o horror con que, aínda agora, rememoro o suceso daquela noite. Non foi semellante ao terror transitorio que un soño deixa detrás del. Parecíase intensificar co tempo, e transmitíase de seu ao cuarto e ao mesmo mobiliario que circundara a aparición.

Non puideron aturar o día seguinte estar soa nin un momento. Contaríallo a papá, de non ser por dúas razóns opostas. Por unha parte coidei que se riría coa miña historia, e eu non podía aturar que se tratase coma unha brincadeira; e por outra coidei que podía supor que me atacara a misteriosa enfermidade que invadira a nosa veciñanza. Eu non tiña de meu receo ningún polo estilo, pero como el estivera un pouco achacoso durante un tempo, tiña medo de alarmalo.

Eu estaba bastante cómoda coas miñas afábeis compañeiras, Madame Perrodon e a animada Mademoiselle De Lafontaine. Ambas percibiron que estaba abatida e nervosa, e ao cabo conteilles o que tanto me pesaba no corazón.

Mademoiselle riu, mais eu supuxen que Madame Perrodon me miraba preocupada.

-A proposito -dixo Mademoiselle, rindo-, o longo paseo dos tileiros, detrás da fiestra da alcoba de Carmilla, está encantado!

-Parvadas! -exclamou Madame, que probabelmente coidou o tema bastante inoportuno-. E quen che contou esa historia, querida miña?

-Martin di que foi dúas veces antes do abreinte, cando a vella porta do patio se estaba a reparar, e dúas veces viu a mesma figura feminina paseando pola avenida dos tileiros.

-Ben o pode dicir, dado que alí hai vacas para muxir nas camposas do río –dixo Madame.

-Figúromo. Porén Martin opta por estar asustado, e nunca vin boubo máis asustado.

-Non lle debes dicir unha palabra disto a Carmilla, porque ela pode ver abaixo ese paseo desde a fiestra do seu cuarto –intervín eu-, e ela é, se é posíbel, moito máis covarde ca min.

Carmilla baixou bastante máis tarde do habitual aquel día.

-Estiven tan asustada esta noite –dixo ela, tan pronto como estivemos xuntas-, e estou segura de que houben ver algo espantoso se non chega a ser por ese amuleto que merquei ao pobre xibosiño ao que tan duramente insultei. Tiven un soño de algo negro roldando a miña cama, e acordei nun completo horror, e realmente coidei, por uns segundos, que vía unha figura escura preto da repisa da cheminea, porén tentei debaixo do meu cabezal polo meu talismán, e no momento que os meus dedos o tocaron, a figura desapareceu, e estou completamente convencida de que, de non ser porque o tiña comigo, algo terríbel faría a súa aparición, e talvez, esganaríame, como fixo con esa pobre xente da que ouvimos falar.

-Ben. Escóitame –comecei, e volví contar a miña aventura, perante cuxa relación ela pareceu horrorizada.

-E tiñas o talismán preto? –preguntoume, con afán.

-Non, botárao dentro dun vaso de porcelana do salón, mais de certo tereino esta noite comigo, xa que tes tanta fe nel.

Con esta distancia temporal non lle podó dicir, nin mesmo facerlle comprender, como superei o meu horror tan eficazmente como para me deitar soa no meu dormitorio esa noite. Lembro claramente que prendín o amuleto na miña almofada. Quedei durmida case decontado, e durmín inclusive máis profundamente ca o costumado todas as noites.

A noite seguinte paseina tamén igualmente. O meu sono foi deliciosamente profundo e sen soños. Mais acordei cunha sensación de lasitude e melancolía que, con todo, non excedía o grao que a faría case pracenteira.

-Ben, díxencho –dixo Carmilla, cando lle describín o meu sono tranquilo-. Eu tamén tiven semellante sono delicioso a noite pasada. Prendín o amuleto na peiteira do

meu camisón. Estaba demasiado lonxe a noite anterior. Estou completamente segura de que foi todo imaxinación, agás os soños. Adoitaba pensar que os maos espíritos creaban os soños, pero o noso doutor díxome que non é tal cousa. Soamente son unha febre pasadía, ou algunha outra doenza, que, así fan a miúdo, dixo, chaman á porta con esa alarma, e non podendo entrar, continúan.

-E por que coidas que o amuleto o é? –dixen.

-Porque foi fumigado ou somerxido nalgunha droga, e é un antídoto contra a malaria –respondeu.

-Daquela actúa só no corpo?

-Con certeza. Non suporás que os maos espíritos se asustan de anaquiños de fita, ou dos perfumes dunha tenda de boticario? Non, estes males, vagabundos no ar, comezan por probar os nervos, e así infectan os miolos, mais antes de que se poidan apoderar de ti, o antídoto repéleos. Estou segura de que iso é o que o amuleto fixo por nós. Non é nada máxico, é simplemente natural.

Estaría máis feliz se puidera estar totalmente de acordo con Carmilla, pero fixen canto puiden, e a impresión estaba perdendo un pouco a súa forza.

Durante algunhas noites durmín profundamente; mais aínda cada mañá sentía a mesma lasitude, e unha languidez pesaba sobre min o día todo. Sentíame unha rapaza mudada. Unha estraña melancolía estíbale a apoderar de min, unha melancolía que non se interrompería. Fuscas pensamentos de morte comezaban a abrollar, e a idea que amodo me estaba a sumir tomaba dócil e, dalgún xeito, non mal acollida posesión de min. Se estaba triste, o estado anímico que isto me producía era tamén doce. Calquera cousa que puidese ser, a miña alma consentíao.

Non admitía que estaba doente, non consentía en falar con meu papá, nin en chamar polo doutor.

Carmilla volveuse máis devota de min ca nunca, e os seus estraños paroxismos de adoración lánguida eran máis frecuentes. Adoitaba deleitarse comigo con ardor crecente canto máis minguaban o meu vigor e os meus azos. Isto sempre me sobresaltaba coma un fulgor momentáneo de tolemia.

Sen o coñecer, estaba agora nun estadio bastante avanzado da máis estraña doenza que mortal ningún sufrera xamais. Había unha fascinación inexplicábel nos seus primeiros síntomas que me reconciliaba aínda máis co efecto incapacitador dese estadio da enfermidade. Esta fascinación incrementouse durante un tempo, ata que acadou un certo punto, cando gradualmente unha sensación de horror mestrouse con ela,

intensificándose, como vostede ouvirá, ata que descorou e perverteu o estado todo da miña vida.

A primeira mudanza que experimentei foi algo agradábel. Foi moi preto do punto crucial desde o que comezou o descenso ao Averno.

Certas sensacións vagas e estrañas visitábanme no meu sono. A que prevalecía era coma ese peculiar frío estremecemento pracenteiro que sentimos no baño, cando nos movemos contra a corrente dun río. Este estaba pronto acompañado por soños que parecían interminábeis, e eran tan vagos que nunca podía recordar os seus escenarios nin persoas, ou ningunha porción coherente da súa acción. Mais deixábanme unha impresión tremenda, e unha sensación de esgotamento, coma se pasase por un longo período de grande esforzo mental e perigo. Após todos estes soños ficaba ao espertar unha lembranza de estar nun lugar moi aproximadamente escuro, e de falar con xente á que non podía ver; e especialmente dunha voz clara, dunha muller, moi profunda, que falaba coma desde unha distancia, amodo, e producíndome sempre a mesma sensación de solemnidade e medo indescribíbeis. Algunha vez víñame unha sensación coma se unha man fose arrastrándose suavemente pola miña meixela e o meu pescozo. Outras veces era coma se ardentes beizos me bicasen, e cada vez máis e máis tempo e máis cariñosamente segundo acadaban a miña gorxa, só aí a caricia se fixaba. O meu corazón latexaba máis rápido, a miña respiración subía e baixaba decontado e de todo arrastrada; un salouco, que crecía ata unha sensación de esganamento, sobreviña, e mudábase nunha convulsión terríbel, en que os meus sentidos me deixaban e quedaba inconsciente.

Había xa tres semanas desde o comezo deste estado inexplicábel. Os meus sofrentos, durante a última semana, delatábanse na miña aparencia. Medrárame a palidez, os meus ollos estaban dilatados e escurecidos por debaixo, e a languidez que sentía había tempo comezábame a manifestar no meu rostro.

Meu pai preguntábame a miúdo se estaba doente; mais eu, cunha obstinación que agora me parece inexplicábel, persistía en lle asegurar que estaba ben de todo.

Nun senso isto era verdadeiro. Non tiña dor ningunha, non me podía queixar de ningún desamaño corporal. O meu mal semellaba ser algo da imaxinación, ou dos nervos; e, horríbeis como eran os meus sofrentos, gardábaos, cunha reserva mórbida, moi preto de min.

Non podía ser ese terríbel mal que os paisanos chamaban o upiro, porque xa estaba a sofrelo durante tres semanas, e eles raramente estaban doentes durante máis de tres días, cando a morte puña fin ás súas miserias.

Carmilla laiábase de soños e sensacións febrís, pero de xeito ningún dunha natureza tan alarmante coma os meus. Digo que os meus eran extremadamente alarmantes. Se fora capaz de comprender o meu estado, invocara de xeonllos axuda e consello. Porén o narcótico dunha influencia insospeitada estaba a actuar sobre min, e as miñas percepcións estaban engoumadas.

Voulle contar agora un soño que me levou decontado a unha senlleira descuberta.

Unha noite, no canto da voz que costumaba a ouvir na escuridade, escoitei outra, doce e tenra, e ao mesmo tempo terríbel, que me dixo:

-Túa nai avísate de que te gardes da asasina.

Ao mesmo tempo unha luz xurdiu de repente, e vin a Carmilla, ergueita, cabo dos pés da miña cama, co seu camisón branco, bañada, da cabeza aos pés, cunha gran mancha de sangue.

Acordei cun alarido, posuída coa idea de que estaban a asasinar a Carmilla. Lémbrome brincando da cama, e o meu seguinte recordo é o de estar de pé no corredor, gritando por auxilio.

Madame e Mademoiselle saíron a correr alarmadas dos seus cuartos. Unha lámpada ardía sempre no corredor, e véndome, logo souberon a causa do meu terror.

Insistín na nosa chamada á porta de Carmilla. Non houbo correspondencia á nosa petadura. Pronto se volveu unha batucada e un barullo. Gritamos o seu nome, mais todo foi en van.

Todas nos puxemos asustadas, pois a porta estaba pechada con chave. Volvemos de présa, con pánico, ao meu aposento. Alí tocamos a campá moito tempo e con furia. Se o cuarto de meu pai estivera naquel lado da casa, chamariámolo á vez na nosa axuda. Porén, ai!, estaba por completo fóra de nos poder ouvir, e chegar a el comprendía unha excursión para a que ningunha de nós tiña coraxe.

Os serventes, non obstante, logo subiron correndo as escaleiras. Puxérame a bata e as chinelas entrementes, e as miñas compañeiras estaban xa igualmente aviadas. Recoñecendo as voces dos criados no corredor, saímos xuntas; e tendo renovado, aínda que infrutuosamente, os nosos petos á porta de Carmilla, ordenei forzar a pechadura aos

homes. Así fixeron, e nosoutras permanecemos, sostendo as nosas luces en alto, no van da porta, e dese xeito fitamos dentro da peza.

Chamámola polo seu nome; pero non houbo con todo resposta ningunha. Miramos por todo o cuarto. Todo estaba tranquilo. Estaba exactamente no estado en que o deixei ao darlle as boas noites. Mais Carmilla marchara.

## VIII

### BUSCA

Á vista do cuarto, perfectamente sereno agás pola nosa violenta entrada, comezámonos a calmar un chisco, e logo recobramos o sentido abondo como para despedir os homes. Ocorréuselle a Mademoiselle que posibelmente a Carmilla a espertara o barullo na súa porta, e nun primeiro momento de pánico saltara do leito e ocultárase nun armario, ou detrás dunha cortina, de onde, xaora, non podía saír ata que o mordomo e os seus esbirros se retirasen. Entón recomezamos a nosa busca, e principiamos a chamala polo seu nome de novo.

Foi todo en balde. A nosa perplexidade e axitación aumentaron. Examinamos as fiestras, pero estaban fixas. Implorei a Carmilla, se se ocultara, que non fixese máis longa esta cruel trasnada, saíndo e acabando coas nosas inquietudes. Foi todo inútil. Eu estaba nese momento convencida de que non estaba na alcoba, nin no toucador, cuxa porta estaba aínda pechada con chave por este lado. Ela non puidera pasar por aí. Eu estaba absolutamente atrapallada. Descubrira Carmilla un deses pasadizos secretos que a vella gobernanta dixo que se sabía que existían no *schloss*, aínda que a memoria da súa situación exacta estivese perdida? Cun pouco de tempo poderíase, sen dúbida, explicar todo absolutamente malia o perplexas que, polo momento, estabamos.

Pasaba das catro, e preferín decorrer as horas restantes de escuridade no aposento de Madame. A luz diurna non trouxo solución ningunha á dificultade.

A casa toda, con meu pai á cabeza, estaba nun estado de axitación a mañá seguinte. Cada parte do castelo rexistrouse. O recinto explorouse. Ningún rastro da dama desaparecida se puido descubrir. O regueiro estaba para se dragar. Meu pai andaba frenético: que historia lle contaría á nai da pobre rapaza ao seu regreso. Eu

tamén estaba case fóra de min, aínda que o meu pesadume era por completo dunha clase diferente.

A mañá pasaba con alarma e excitación. Era xa a unha, e aínda non había novas. Subín a correr para o cuarto de Carmilla, e atopeina de pé no seu toucador. Eu estaba abraçada. Non podía dar creto aos meus ollos. Chamoume cun aceno do seu lindo dedo, en silencio. A súa face expresaba un medo extremo.

Corrín a ela nun éxtase de xúbilo. Beixei e abraceina unha e outra volta. Corrín á campá e toqueina vehementemente, para atraer os demais ao sitio que podía no acto aliviar a ansiedade de meu pai.

-Querida Carmilla, que foi de ti todo este tempo? Estabamos agónicos de ansiedade por ti –exclamei-. Onde estiveches? Como regresaches?

-A noite pasada foi unha noite de prodixios –dixo.

-Por piedade, explícate todo canto poidas.

-Pasaba das dúas da noite –dixo- cando fun durmir como adoito á miña cama, coas portas pechadas con chave, tanto a do cuarto de vestir coma a que dá ao corredor. O meu sono foi continuo, e, ata onde eu sei, sen soños; porén acordei hai pouco aí no sofá do cuarto de vestir, e encontrei aberta a porta que hai entre as pezas, e a outra porta forzada. Como puido ocorrer todo isto sen que espertase? Debeu ir acompañado de moito ruído, e eu particularmente acordo doadamente. E como me puideron carrexar fóra do meu leito sen interromperen o meu sono, se a min me sobresaleta o máis lixeiro meneo?

Nese momento, Madame, Mademoiselle, meu pai e numerosos serventes estaban no cuarto. Carmilla foi, xaora, inundada con preguntas, felicitacións e benvidas. Non tiña máis ca unha historia para contar, e semellaba a menos capaz de toda a reunión para suxerir algún tipo de xustificación para o que sucedera.

Meu pai daba voltas dun lado a outro pola peza, cavilando. Vin como os ollos de Carmilla o seguían por un momento cunha ollada furtiva, fusca.

Cando meu pai despedira os criados, Mademoiselle marchara na procura dun frasco de valeriana e sal volátil, e non había ninguén xa no cuarto con Carmilla, agás meu pai, Madame e eu mesma, el achegouse a ela solicitamente, tomou a súa man moi afectuosamente, levouna ao sofá e sentou a carón dela.

-Perdonarame, querida miña, se arrisco unha conxectura e formúloche unha pregunta?



-Quen pode ter maior dereito? –dixo ela-. Pregunte o que lle praza, e contareille todo. Mais a miña historia é simplemente unha de confusión e escuridade. Non sei absolutamente ren. Fágame a pregunta que lle praza, pero vostede coñece, abofé, as limitacións baixo as que me puxo mamá.

-Perfeitamente, miña querida nena. Non preciso tocar os asuntos en que ela desexa o noso silencio. Agora, o prodixio da noite pasada consiste en que se te trasladou do teu leito e o teu dormitorio, sen estar esperta, e este traslado ocorreu aparentemente mentres as ventás estaban aínda fixas e as dúas portas pechadas con chave por dentro. Direiche a miña teoría e fareiche unha pregunta.

Carmilla estábase a apoiar sobre a súa man con desánimo. Madame e eu estabamos a escoitar aguantando a respiración.

-Agora, a miña pregunta é esta: nunca sospeitaches que andases durante o sono?

-Nunca, des que era moi nova de certo.

-Porén andabas durante o teu sono cando eras noviña?

-Andaba; sei que o facía. Así mo contou a miúdo a miña vella ama.

Meu pai sorriu e asentiu coa cabeza.

-Ben, o que sucedeu foi isto: alpeiraches en tanto durmías, despechaches a porta, sen deixar a chave, como adoito, na pechadura, senón sacándoa e pechándoa por fóra. De novo tiraches a chave e leváchela contigo a algunha das vinte e cinco pezas deste andar, ou quizais escadas arriba ou abaixo. Hai tantos cuartos e gabinetes, tanto mobiliario pesado, e tal acumulación de trastes, que se requiriría unha semana para rexistrar esta vella casa a fondo. Ves, agora, o que quero dicir?

-Véxoo, pero non de todo –respondeu.

-E agora, papá, como explicas o seu achado no sofá do cuarto de vestir, que rexistráramos tan coidadosamente?

-Foi a alí despois de que o rexistrádes, aínda no seu sono, e ao cabo espertou espontaneamente e estivo tan sorprendida de encontrarse onde estaba coma outra persoa calquera. Oxalá todos os misterios fosen tan doada e inocentemente explicados coma os teus, Carmilla –dixo, riseiro-. E así nos podemos felicitar pola certeza de que a explicación máis natural do suceso é unha que non envolve drogamento, nin alteración das chaves, nin ladróns, ou envelenadores, ou bruxas... Nada que cumpra para alarmar a Carmilla, ou a outra persoa calquera, pola nosa seguranza.

Carmilla mostrábase encantadoramente. Nada podía ser máis fermoso ca a súa cute. A súa beleza estaba realzada, coido, por esa languidez agraciada que lle era

peculiar. Penso que meu pai estaba silenciosamente a contrastar o seu aspecto co meu, porque dixo:

-Desexaría que miña pobre Laura aparentase máis coma ela –e suspirou.

Deste xeito remataron felizmente as nosas alarmas, e Carmilla retornou aos seus amigos.

## IX

### O DOUTOR

Como Carmilla non quería ouvir ren sobre unha serventa durmindo no seu cuarto, meu pai dispuxo que un criado durmiría na parte exterior da súa porta, polo que non podería tentar facer outra excursión semellante sen que a detiveren na súa propia porta.

Aquela noite decorreu tranquilamente; e á mañá seguinte cedo, o doutor, ao que meu pai fixera vir sen me dicir unha palabra ao respecto, chegou para me ver.

Madame acompañoume á biblioteca, e alí o serio e pequeno doutor, de cabelo branco e anteollos, que mencionei antes, estaba a esperar para me recibir.

Conteille a miña historia, e mentres eu avanzaba el púñase cada vez máis serio.

Estabamos de pé, el e eu, no oco dunha das xanelas, en fronte un do outro. Cando a miña exposición acabou, apoiouse cos seus ombros na parede, e fixou os seus ollos en min gravemente, cun interese en que había un trazo de horror.

Após un minuto de reflexión, preguntou a Madame se podía ver a meu pai.

Chamaron por el xa que logo, e cando entrou, sorrindo, dixo:

-Figúrome, doutor, que me vai dicir que son un vello parvo por o facer vir ata aquí. Iso espero.

Mais o seu sorriso apagouse nunha sombra cando o doutor, cun rostro moi grave, acenoulle a el.

El e o médico faloron durante un anaco no mesmo oco onde eu acababa de deliberar co doutor. Parecía umha conversa seria e argumentativa. A peza é moi cumprida, e eu e Madame permanecemos xuntas, ardendo de curiosidade, no extremo máis distante. Porén, non puidemos ouvir palabra ningunha, porque falaban nun ton moi baixo e o fondo oco da xanela ocultaba de todo ao doutor da nosa vista, e mesmo case a

meu pai, do que só podíamos ver un pé, un brazo e un ombro. Supoño que todo era menos audíbel pola sorte de reservado que formaban o grosso muro e a ventá.

Despois dun anaco a face de meu pai mirou para o cuarto: estaba pálido, meditabundo e, supuxen, axitado.

-Laura, querida, ven aquí un momento. Madame, non a amolaremos máis, di o doutor, arestora.

Por conseguinte achegueime, por primeira vez un pouco alarmada; porque, aínda que me sentía moi feble, non me cría enferma, e a fortaleza, unha sempre imaxina, é algo que se pode recobrar cando nos praza.

Meu pai tendeu-me a súa man, en canto me acercaba, mais estaba a ollar ao doutor, e díxome:

-De certo é moi senlleiro; non o comprendo de todo. Laura, ven aquí, querida. Agora atende ao doutor Spielsberg, e reponte.

-Mencionou unha sensación coma a de dúas agullas furándolle a pel, nalgunha parte do seu pescozo, naquela noite cando experimentou o seu primeiro soño horríbel. Hai aínda algunha dor?

-Ningunha en absoluto –respondín.

-Pódeme indicar co seu dedo o punto en que coida que lle ocorreu isto?

-Un pouquiño debaixo da miña gorxa... aquí –respondín.

Eu levaba un vestido caseiro, que cubría o lugar que sinalara.

-Agora pódese convencer vostede mesma –dixo o doutor-. Non lle amolará que seu papá lle baixe o vestido un pouquiño. Cómpre para detectar algún síntoma do mal que anda a sofrer.

Asentín. El estaba só unha ou dúas polgadas debaixo do bordo do colar.

-Vállame Deus!... así que está –exclamou meu pai, pódose pálido.

-Míreo agora cos seus propios ollos –dixo o doutor, cun lóbrego ar triunfal.

-Que é isto? –exclamei, comezando a estar asustada.

-Nada, miña querida damiña, soamente unha manchiña azul, de ao redor do tamaño da xema do seu maimiño; e agora –continuou, volvéndose para papá-, a cuestión é que é o mellor que se ha facer?

-Hai algún perigo? –insistín, con gran sobresalto.

-Confío que non, querida miña –respondeu o doutor-. Non vexo por que non se debería arrichar. Non vexo por que non debería comezar “inmediatamente” a estar mellor. Ese é o punto en que principia a sensación de esganamento?

-É –contestei.

-E, recordeo tan ben como poida, o mesmo punto era unha sorte de centro dese estremecemento que acaba de describir agora, coma a corrente dun torrente frío correndo contra vostede?

-Puido ser; coido que si.

-Ai, veo? –engadiu, volvéndose para meu pai-. Pódolle dicir unhas palabras a Madame?

-Xaora –dixo meu pai.

Chamou a Madame cabo del e díxolle:

-Atopo aquí á miña xove amiga lonxe de estar ben. Non será nada de importancia, espero; mais cumprirá que se tomen algunhas medidas, que lle explicarei logo. Porén mentres tanto, Madame, sería tan boa como para non deixar soa a señorita Laura nin un momento. Ese é o único encargo que lle preciso dar arestora. É indispensábel.

-Podemos contar coa súa bondade, Madame, seino –engadiu meu pai.

Madame aseguroullo ansiosamente.

-E ti, querida Laura, sei que cumprirás o mandato do doutor.

»Débolle preguntar a súa opinión sobre outra paciente, cuxos síntomas se parecen lenemente aos de miña filla, que lle acaba de detallar... moitísimo máis benignos en intensidade, pero coido de todo que da mesma clase. Ela é unha dama nova... a nosa hóspede; mais como vostede di que andará a pasar por esta ruta de novo ao serán, non pode facer nada mellor que tomar a súa cea aquí, e entón a pode ver. Ela non vén abaixo ata a tarde.

-Grazas –dixo o doutor-. Estarei con vostedes, daquela, sobre as sete esta tarde.

E logo repetíronnos as súas instrucións a Madame e a min, e con este último mandato meu pai deixounos, e saíu co doutor; e vinos paseando xuntos arriba e abaixo entre o camiño e o foxo, na plataforma herbosa en fronte do castelo, evidentemente absortos nunha conversa seria.

O doutor non regresou. Vino montar no seu cabalo alí, despedirse e marchar cabalgando para o leste a través da foresta.

Case ao mesmo tempo vin chegar de Dranfield ao home coas cartas, e desmontar e entregar a saca a meu pai.

Mentres tanto, Madame e eu estivemos ambas ocupadas, perdidas en conxecturas verbo das razóns da orde singular e grave que o doutor e meu pai acordaran

en nos impor. Madame, conforme me contou despois, tiña medo de que o doutor recease un ataque súbito, e que, sen axuda inmediata, eu puidese tamén perder a vida nun acceso, ou ao menos quedar seriamente prexudicada.

A interpretación non me sorprendeu; e supuxen, quizais ende ben para os meus nervos, que o arranxo se prescribira simplemente para me asegurar unha compañeira, que previñese a miña toma de demasiado exercicio, ou comer froita verde, ou facer algunha das cincuenta parvadas ás que a mocidade é supostamente propensa.

Sobre media hora despois meu pai entrou, cunha carta na man, e dixo:

-Esta carta demorouse; é do xeneral Spielsdorf. Puido estar aquí onte, pode non vir ata mañá ou pode estar aquí hoxe.

Púxome a carta aberta na miña man; mais non semellaba compracido, como adoitaba cando un hóspode, especialmente un tan querido como o xeneral, estaba para chegar. Polo contrario, parecía coma se o desexase no fondo do Mar Vermello. Había claramente algo na súa mente que prefería non divulgar.

-Papá, querido, contarasme isto? –dixen, colocándolle de socato a man no seu brazo, e mirándoo, con certeza, de xeito suplicante á cara.

-Talvez –contestou, alisándome o cabelo agarimosamente sobre os meus ollos.

-Áchame o doutor moi doente?

-Non, querida. Coida, se se dan os pasos necesarios, que estarás totalmente ben de novo, ou polo menos, no bo camiño para unha completa recuperación, nun ou dous días –respondeu, un pouco secamente-. Desexaría que o noso bo amigo, o xeneral, escollese calquera outro momento; é dicir, desexaría que estiveses perfectamente ben para o recibir.

-Mais cóntame, papá –insistín-, “que” pensa que me pasa?

-Nada. Non me debes amolar con preguntas –respondeu, con maior irritación da que nunca lle lembro manifestar antes; e vendo que eu parecía magoada, supoño, bicoume e engadiu-. Saberalo todo nun ou dous días; é dicir, todo o que sei. Mentres tanto non esteas a turbar a cabeza con isto.

Volveuse e deixou o cuarto, pero regresou antes de que eu estivese abraiada e desconcertada pola singularidade de todo isto; el estaba simplemente para me dicir que estaba para se ir a Karnstein, e que ordenara que a carruaxe estivese lista para as doce, e que Madame e eu debíámolo acompañar. El ía ver un crego que vivía preto daquelas terras pintorescas, por negocios, e como Carmilla nunca as vira, poderíanos seguir,

cando baixase, con Mademoiselle, que levaría as provisións para o que vostede denomina un pícnic, que poderíamos dispor no castelo ruinoso.

Ás doce en punto, por conseguinte, estaba preparada, e non moito despois meu pai, Madame e eu acometemos a nosa proxectada excursión.

Pasando a ponte levadiza torcemos á dereita, e seguimos o camiño sobre a pina ponte gótica, cara ao oeste, para chegar ao deserto vilar e mais o ruinoso castelo dos Karnstein.

Non se pode imaxinar ningunha excursión selvática máis linda. O terreo crébase en lenes outeiros e valgadas, todo cuberto con fermoso bosque, totalmente desprovisto da formalidade relativa que amosan as plantacións artificiais, o cultivo temperán e a decota.

As irregularidades do terreo a miúdo conducen o camiño fóra do seu curso, e fano cobreguear belamente ao redor dos costados das valgadas crebadas e das abas máis peadas dos outeiros, entre variedades de terreo case inesgotábeis.

Virando nun deses promontorios, de súpeto atopamos o noso vello amigo, o xeneral, cabalgando contra nós, acompañado por un servente tamén montado. As súas maletas seguían nun carromato alugado, daqueles que nós chamamos carro.

O xeneral desmontou cando nos detivemos, e, após os saúdos usuais, persuadíuselle doadamente para aceptar o asento vacante na carruaxe e mandamos o seu cabalo co seu criado para o *schloss*.

## X

### DESCONSOLADO

Decorreran uns dez meses des que o viramos por última vez; mais ese tempo abondara para facer unha alteración de anos na súa aparencia. Enfraquecera moito; algo de abatemento e ansiedade tomaran o lugar daquela serenidade cordial que adoitaba caracterizar as súas faccións. Os seus ollos azuis escuros, sempre penetrantes, agora brillaban cunha luz severísima debaixo das súas peludas cellas grises. Non era un cambio deses que unha desgraza soa produce con frecuencia, e paixóns moi coléricas parecían ter a súa cota na súa realización.

Non había moito que proseguíamos a nosa excursión, cando o xeneral comezou a falar, coa súa habitual franqueza de soldado, do desconsolo, así o nomeou, que aturara pola morte da súa amada sobriña e pupila. E logo se desatoou nun ton de intenso amargor e furia, botando diatribas contra as “artes infernais” en que ela caera como vítima, e expresando, con máis exasperación ca piedade, o seu abraio de que o Ceo tolerase cunha indulxencia tan monstruosa as luxurias e a maldade do inferno.

Meu pai, que axiña viu que algo moi extraordinario lle acontecera, pediulle, se non lle era demasiado penoso, que detallase as circunstancias que coidaba que xustificaban os fortes termos en que se expresaba.

-Contaríallo todo con pracer –dixo o xeneral-, mais non me crería.

-Por que non? –preguntou.

-Porque –respondeu estando de fociños-, vostede non cre en nada que non cadre cos seus propios prexuízos e ilusións. Lembro cando eu era coma vostede, pero aprendín mellor.

-Próbeme –dixo meu pai-; non son ese dogmático que vostede supón. Alén disto, sei moi ben que vostede xeralmente require demostración para crer, e estou, polo tanto, moi firmemente predisposto a respectar as súas conclusións.

-Ten dereito ao supor que non cheguei á lixeira a crer no marabilloso (porque o que experimentei é marabilloso) e unha extraordinaria evidencia forzoume a dar creto ao que se opuña, diametralmente, a todas as miñas teorías. Fun a vítima dunha conspiración preternatural.

Malia as súas declaracións de confianza na perspicacia do xeneral, vin a meu pai, neste punto, botar unha mirada ao xeneral, conforme o coidei, cunha notábel sospeita do seu siso.

O xeneral non o viu, ende ben. Estaba a ollar lóbrega e curiosamente os clareiros e as vistas das fragas que se descubrían perante nós.

-Vai para as ruínas de Karnstein? –dixo-. Si, é unha afortunada coincidencia; sabe que lle ía pedir que me levase aló para inspeccionalas. Teño un obxectivo especial para explorar. Hai unha capela ruinosa, ou non, cun gran número de tumbas desa familia extinta?

-Así é... sumamente interesantes –dixo meu pai-. Creo que está pensando en reclamar o título e a herdade?

Meu pai dixo isto alegremente, mais o xeneral non fixo abrollar o riso, nin sequera o sorriso, que a cortesía esixe á broma dun amigo; polo contrario, parecía grave e mesmo furioso, rumiando sobre un asunto que aguilloaba a súa carraxe e o seu horror.

-É algo moi diferente –dixo, bruscamente-. Pretendo desenterrar a alguén desaxente baril. Espero, pola beizón de Deus, realizar un pío sacrilexio alí, que aliviará á nosa terra de certos monstros, e permitirá á xente honesta durmir nos seus leitos sen ser asaltada por asasinados. Teño cousas estrañas que lle contar, meu querido amigo, esas que eu mesmo rexeitaría como incríbeis ata hai uns poucos meses.

Meu pai mirouno de novo, mais desta vez non cunha ollada de sospeita... senón cuns ollos, máis ben, de aguda intelixencia e alarma.

-A casa de Karnstein –dixo-, extinguiuse hai tempo: un cento de anos ao menos. Miña querida esposa descendía por liña materna dos Karnstein. Porén o nome e o título hai tempo que deixaron de existir. O castelo é unha ruína; a mesma aldea está deserta; pasaron cincuenta anos des que o fume dunha cheminea se viu alá; nin un tellado sostido.

-Totalmente verdadeiro. Ouvín moito sobre iso des que o vin por última vez; tanto que se abraiará. Mais mellor lle relatarei todo na orde en que ocorreu –dixo o xeneral-. Vostede viu a miña querida pupila... miña nena, pódoa chamar. Ningunha criatura podería ser máis fermosa, e hai só tres meses ningunha máis louzá.

-Si, pobriña! Cando a vin por última vez era de certo completamente adorábel –dixo meu pai-. Estiven aflixido e impresionado máis do que lle podo dicir, meu querido amigo; sabía que golpe foi para vostede.

Tomou a man do xeneral, e déronse un afectuoso apertón. Bágoas acumuláronse nos ollos do vello soldado. Non fixo ren por as tentar ocultar. Dixo:

-Somos moi vellos amigos; sabía que o sentiría por min, sen fillos como estou. Ela convertérase nun obxecto de interese moi próximo para min, e reparaba a miña preocupación cun afecto que alegraba o meu fogar e facía a miña vida feliz. Iso foise todo. Os anos que me restan na terra non poden ser moitos; pero pola graza de Deus espero cumprir un servizo á humanidade antes de morrer, e axudar á vinganza do Ceo contra os demos que asasinaron a miña pobre nena na primavera das súas esperanzas e a súa beleza!

-Dicía, agora mesmo, que se propuña relatar todo como ocorreu –dixo meu pai-. Por favor fágao; asegúrolle que non é mera curiosidade o que me impulsa.



Naquel momento chegamos ao punto en que o camiño de Drunstall, polo que viñera o xeneral, diverxe do camiño que andabamos a percorrer para Karnstein.

-A que distancia quedan as ruínas de aquí? –preguntou o xeneral, ollando adiante con ansiedade.

-Cerca de media legua –respondeu meu pai-. Por favor escoitemos a historia que foi tan amábel de nos prometer.

## XI

### A HISTORIA

-Con todo o meu corazón –dixo o xeneral, cun esforzo; e após unha pausiña para amañar o tema, comezou unha das máis estrañas narracións que xamais escoitei:

» Miña querida nena estaba a esperar con gran pracer a visita á súa encantadora filla que vostede fora tan amábel de dispor para ela –aquí fíxome unha reverencia galante pero melancólica-. Mentres tanto tivemos unha invitación do meu vello amigo o conde Carlsfeld, cuxo *schloss* está a unhas seis leguas ao outro lado de Karnstein. Era para asistir á serie de festas que, vostede lembrará, deu en honor do seu ilustre visitante, o Gran Duque Charles.

-Lembro; e ben esplendidas foron, creo –dixo meu pai.

-Principescas! Pois daquela a súa hospitalidade foi totalmente rexia. Tiña a lámpada de Aladín. A noite en que data o meu pesadume dedicouse a unha magnífica mascarada. Os xardíns abríronse a vagabán, as árbores adornáronse con lámpadas coradas. Houbo unha exhibición tal de fogos artificiais como París mesmo nunca presenciou. E tal música... a música, vostede sabe, é a miña debilidade... tal arrebatadora música! A máis baril orquestra, talvez, do mundo, e os máis barís cantantes que se puidesen reunir de todas as grandes óperas de Europa. Mentres lle vagaba por eses xardíns fantasticamente iluminados, o castelo aluarado botando unha luz rosada polas súas longas ringleiras de fiestras, podíalle ouvir de súpeto esas voces arrebatadoras escapulíndose do silencio dalgún arboredo, ou ascendendo das barcas no lago. Sentíame, conforme miraba e escoitaba, devolto ao romance e á poesía da miña primeira mocidade.

»Cando os fogos de artificio acabaran, e o baile comezaba, regresamos ao nobre conxunto de cuartos que se abriran a vagabán para os bailaríns. Un baile de máscaras, vostede sábeo, é unha bela visión; mais un espectáculo desa clase tan brillante nunca o vira antes.

»Era unha reunión moi aristocrática. Eu era para min case o único “ninguén” presente.

»Miña querida nena tiña un aspecto completamente fermoso. Non levaba carauta. A súa excitación e o seu deleite engadían un encanto indecibel ás súas faccións, sempre adorábeis. Reparei nunha dama nova, vestida magnificamente, pero levando unha máscara, que me pareceu que estaba a observar a miña pupila con extraordinario interese. Víraa, primeiramente pola tarde, na gran sala, e de novo, durante uns poucos minutos, camiñando cabo de nós, na terraza baixo as fiestras do castelo, obrando de xeito semellante. Unha dama, tamén enmascarada, rica e gravemente vestida, e cun ar maxestoso, coma unha persoa de rango, acompañábaa como unha señora de compañía. Se a dama nova non levase unha carauta, eu podería, xaora, ter unha maior certeza sobre a cuestión de se estaba realmente vixiando a miña pobre querida. Agora estou ben seguro de que o estaba.

»Logo estabamos nun dos salóns. Miña pobre querida nena estivera a danzar, e descansaba un chisco nunha das cadeiras preto da porta; eu estaba de pé á beira. As dúas damas que mencionei achegáronse e a máis nova tomou asento a carón da miña pupila; en tanto a súa compañeira permaneceu a par de min, e durante un anaquiño dirixiuse, con voz baixa, á súa custodiada.

»Valéndose do privilexio da súa máscara volveuse para min, e co ton dunha vella amiga, e chamándome polo meu nome, iniciou unha conversa comigo, que picou a miña curiosidade a esgalla. Referiu os moitos escenarios onde me atopou... na Corte, e en casas distinguidas. Aludiu a incidentiños que había tempo que deixara de lembrar, mais que, descubrín, só estiveran en suspenso na miña memoria, pois ao instante cobraron vida en tocándoos ela.

»Volvíame máis e máis curioso por indagar quen era, a cada momento. Ela eludía as miñas tentativas de descubri-lo moi destra e agradabelmente. O coñecemento que amosaba de moitos pasos da miña vida semellábame de todo case inexplicábel; e ela parecía atinxir un pracer non antinatural en frustrando a miña curiosidade, e en véndome debaterme na miña ávida perplexidade, dunha conxectura a outra.

»Mentres tanto a dama nova, a quen súa nai chamou polo senlleiro nome de Millarca, cando se dirixiu a ela unha ou dúas veces, trabara conversa, coa mesma facilidade e graza, coa miña pupila.

»Presentouse ela mesma dicindo que súa nai era unha moi vella coñecida da miña. Falaba coa audacia grata que unha máscara fai posíbel. Charlou coma unha amiga; admirou o seu vestido, e insinuou moi agradabelmente a súa admiración pola súa beleza. Divertiuna con críticas riseiras da xente que ateigaba o salón de baile, e riu coas bromas de miña pobre nena. Era moi enxeñosa e viva cando lle praciá, e após un anaco elas volvéranse moi boas amigas, e a xove forasteira baixou a súa carauta, mostrando unha face notabelmente fermosa. Eu xamais a vira antes, nin tampouco a miña querida nena. Mais aínda que eran novas para nós, as faccións eran tan atractivas, tan feitiñas coma adorábeis, que era imposíbel non sentir a súa atracción poderosamente. Á miña pobre rapaza así lle pasou. Nunca vin a ninguén máis prendido con outra persoa a primeira vista, como, en verdade, o estaba a forasteira mesma, que parecía que perdera completamente o corazón por ela.

»No ínterim, valéndome da licenza que dá unha mascarada, fíxenlle non poucas preguntas á dama maior.

»-Atrapalloume de todo –díxenlle, rindo-. Non basta con isto? Non consentirá, agora, en pórse en igualdade de termos, e farame a bondade de tirarse a carauta?

»-Pode unha petición ser máis insensata? –retrucou-. Pedirlle a unha dama que renuncie a unha vantaxe! Ademais, como sabe que me recoñecería? Os anos producen cambios.

»-Como vostede ve –dixen, cunha reverencia e, supoño, un risiño un tanto melancólico.

»-Como nos din os filósofos –dixo-; e como sabe que a visión da miña face lle axudaría?

»-Correrei o risco diso –respondín-. É en balde que trate de se mudar nunha muller vella; a súa figura traizóaa.

»-Moitos anos pasaron, no entanto, des que o vin por última vez, ou mellor dito des que me viu, porque iso é o que considero. Millarca, velaquí, é miña filla; non podo daquela ser xove, nin mesmo na opinión da xente que o tempo ensinou a ser indulxente, e podo non gustar de ser comparada con aquilo que vostede lembra de min. Vostede non ten máscara que se quitar. Non me pode ofrecer nada en troco.

»-A miña petición é á súa compaixón, tírela.

»-E a miña á súa, déixea permanecer onde está –replicou.

»-Ben, entón, ao menos me dirá se é francesa ou alemá; fala ambas as linguas tan perfectamente.

»-Non creo que lle vaia dicir iso, xeneral; téntame sorprenden, e está a planear o seu particular punto de ataque.

»-De todas as maneiras, non me negará isto –dixen-, que honrándome co seu permiso para conversar con vostede, debería saber como me dirixir a vostede. Direille Madame la Comtesse?

»Ela riu, e responderíame, sen dúbida, con outra evasiva... se, en verdade, podo tratar calquera ocorrencia nunha entrevista, onde cada circunstancia dela estaba preparada de antemán, como agora creo, coa astucia máis profunda, como posíbel de se modificar por accidente.

»-Canto a iso... -comezou; mais interrompeuna, case cando abría os seus beizos, un cabaleiro, vestido de negro, que parecía particularmente elegante e distinguido, pero cunha desvantaxe, a de que a súa cara era a máis pálida cadavérica que nunca vin, fóra da dos mortos. Non estaba enmascarado... levaba o sinxelo traxe de noite dun cabaleiro; e dixo, sen un sorriso, pero cunha reverencia cortés e inusualmente baixa:

»-Permitírame Madame la Comtesse dicirlle unhas pouquísimas palabras que lle poden interesar?

»A dama volveuse decontado para el, e tocou o seu beizo en sinal de silencio; daquela me dixo:

»-Gárdeme o sitio, xeneral; volverei cando eu dixer unhas poucas palabras.

»E con este mandado, dado graciosamente, camiñou un chisco á parte co cabaleiro de negro, e faláron durante algúns minutos, en aparencia moi seriamente. Logo marcharon xuntos devagar entre a multitude, e perdínos por uns minutos.

»Empreguei o intervalo en debandar os miolos para unha conxectura sobre a identidade da dama que parecía lembrarme tan afectuosamente, e estiven a pensar en volverme e unirme á conversa entre a miña linda pupila e a filla da condesa, e procurar, para cando ela retornar, poderlle ter unha sorpresa gardada, por ter o seu nome, título, castelo e herdade na palma da man. Mais nese momento regresou, acompañada polo pálido home de negro, que dixo:

»-Volverei e informareina Madame la Comtesse cando a súa carruaxe estea na porta.

»Retirouse cunha reverencia.

## XII

### UNHA PETICIÓN

»-Daquela imos perder a Madame la Comtesse, pero espero que só por unhas poucas horas –dixen, cunha reverencia baixa.

»-Pode ser iso soamente ou pode ser por unhas semanas. Foi moi desafortunado que el me falase xusto agora como fixo. Coñéceme agora?

»Asegureille que non.

»-Coñecerame –dixo-, pero non arestora. Somos máis vellos e mellores amigos do que, talvez, sospeita. Non me podo revelar aínda. Dentro de tres semanas pasarei polo seu fermoso *schloss*, sobre o que estiven a facer pescudas. Entón o visitarei durante unha ou dúas horas, e renovaremos unha amizade que nunca lembro sen un milleiro de recordos pracenteiros. Neste intre unha nova acadoume coma un raio. Debo partir agora, e viaxar por unha ruta tortuosa, preto de cen millas, con toda a prontitude que me for posíbel. As miñas preocupacións multiplícanse. Só a reserva obrigada que exerzo sobre o meu nome impídeme facerlle unha solicitude moi singular a vostede. Miña pobre nena non recuperou o seu vigor de todo. O seu cabalo caeu con ela, nunha cazaría á que asistía como testemuña, e os seus nervos non se recobraron aínda do susto; e o noso médico di que ela non se debe esforzar de xeito ningún durante un tempo. Viñemos aquí, por conseguinte, en curtísimas etapas... apenas seis leguas por día. Agora debo viaxar día e noite, nunha misión de vida ou morte... unha misión cuxa natureza crítica e importante serei quen de lle explicar cando nos encontremos, como espero que fagamos, nunhas poucas semanas, sen a necesidade de ningunha ocultación.

»Pasoume a facer a súa petición, e foi no ton dunha persoa para quen unha solicitude semellante equivalía máis a outorgar do que pedir un favor. Isto era só un hábito, e, como parecía, completamente inconsciente. Canto aos termos en que se expresou, nada podería ser máis deprecatorio. Era simplemente que eu consentía en facerme cargo da súa filla durante a súa ausencia.

»Esta foi, considerando todas as cousas, unha solicitude estraña, por non dicir audaz. Ela dalgunha maneira desarmoume, en expondo e admitindo todo o que se podería alegar en contra, e botándose enteiramente á miña cabaleirosidade. No mesmo

momento, por unha fatalidade que parecía determinar todo o que acontecía, miña pobre nena veu xunto a min, e, en voz baixa, suplicoume que invitase a súa nova amiga, Millarca, a nos facer unha visita. Ela acabara de estar a sondala, e coidaba que, se a súa mamá llo permitía, a ela lle gustaría en extremo.

»Noutro momento diríalle que esperase un chisco, ata, ao menos, que soubésemos quen eran. Mais non tiven un intre para pensalo. As dúas damas asediáronme xuntas, e debo confesar que a refinada e bela face da dama nova, na que había algo extremadamente atractivo, así como a elegancia e o ardor de alto berce, decidíronme; e, domeado de todo, sometínme, e comprometínme, demasiado doadamente, a coidar da xove dama, a quen súa nai chamaba Millarca.

»A condesa acenou a súa filla, que a escoitou con grave atención mentres lle contaba, en termos xerais, como a chamaran súbita e perentoriamente, e tamén do acordo que fixera para deixala baixo o meu coidado, engadindo que eu era un dos seus amigos máis antigos e prezados.

»Dixen, xaora, as palabras que a situación parecía esixir, e atopábame, ben pensado, nunha posición que non me chistaba moito.

»O cabaleiro de negro regresou, e moi cerimoniosamente conduciu a dama fóra do cuarto.

»O comportamento deste cabaleiro era tal como para me inculcar a convicción de que a condesa era unha dama de moita máis importancia do que o seu modesto título solitario me puido inducir a asumir.

»O seu derradeiro mandado para min foi que non fixese tentativa ningunha de indagar máis cousas sobre ela das que xa puideren supor, ata o seu retorno. O noso distinguido anfitrión, do que ela era hóspede, coñecía as súas razóns.

»-Porén aquí –dixo-, nin miña filla nin eu poderíamos ficar sen perigo máis dun día. Quitei a miña máscara imprudentemente por un instante, hai cerca dunha hora, e, tarde de máis, supuxen que vostede me viu. Así resolvín buscar unha oportunidade para falar un pouco con vostede. Se achar que vostede me vira, botaríame ao seu alto sentido do honor para me gardar o segredo algunhas semanas. Tal como está a cousa, estou segura de que non me viu; mais se agora sospeita, ou, en reflexionando, podería sospeitar, quen son eu; entrégome, do mesmo xeito, por enteiro ao seu honor. Miña filla manterá a mesma reserva, e ben sei que vostede llo recordará, de cando en vez, non sexa que ela o revele descoidadamente.

»Bisbou unhas poucas palabras a súa filla, bicouna ás présas dúas veces, e marchou, acompañada polo pálido cabaleiro de negro, e desapareceu entre a multitude.

»-Na peza contigua –dixo Mircalla-, hai unha fiestra que mira sobre a porta da sala. Gustaríame ver por última vez a mamá, e mandarlle un bico.

»Asentimos, abofé, e acompañámola á ventá. Ollamos fóra, e vimos unha carruaxe elegante e anticuada, cunha tropa de guías e lacaios. Vimos a figura esguía do pálido cabaleiro de negro, que sostía unha mesta capa de veludo, e púña sobre os ombros dela e botáballe a caparucha sobre a cabeza. Ela inclinou a súa testa para el, e acabou por tocar a man del coas súas. El fíxolle unhas reverencias baixas repetidamente en tanto se pechaba a porta, e a carruaxe comezaba a se mover.

»-Ela marchou –dixo Millarca, cun suspiro.

»-Ela marchou –repetín para min, por primeira vez (nos momentos apresurados que decorreran desde o meu consentimento) reflexionando sobre a insensatez do meu acto.

»-Ela non ergueu os ollos –dixo a dama nova, queixosamente.

»-A condesa tirou a súa carauta, seica, e non quixo amosar a súa face –dixen-; e non podía saber que vostede estaba na ventá.

»Ela suspirou, e miroume á cara. Era tan fermosa que me entenrecín. Sentín que me arrepentise por un momento da miña hospitalidade, e decidín compensala pola rudeza inconfesada do meu recibimento.

»A dama nova, volvéndose pór a carauta, xuntouse coa miña pupila para me persuadir de retornarmos aos xardíns, onde o concerto estaba listo para continuar. Así fixemos, e camiñamos arriba e abaixo pola terraza que se estende baixo as ventás do castelo. Millarca intimou moito connosco, e divertiunos con vivas descrições e historias da maioría da xente podente que vimos na terraza. Ela gustábame un pouco máis cada minuto que pasaba. Os seus chismes sen ser de más inclinacións, eran en extremo divertidos para min, que estivera tanto tempo fóra do gran mundo. Pensei que vida daría ás nosas por veces solitarias veladas no fogar.

»Este baile non rematou ata que o sol matutino acadou case o horizonte. Prúgolle ao Gran Duque bailar ata entón, polo que a xente leal non se puido ir, nin pensar na cama.

»Acababamos de atravesar un salón multitudinario, cando a miña pupila me preguntou qué fora de Millarca. Eu coidaba que estivera ao seu lado, e ela supuña que ao meu. O feito era que a perderamos.

»Todos os meus esforzos por a encontrar foron vans. Temía que tomase, na confusión dunha separación momentánea de nosoutros, a outras persoas polos seus novos amigos, e, posibelmente, os seguise e os perdese nos extensos xardíns que se deixaran abertos para nós.

»Agora, con toda a súa forza, recoñecín unha nova insensatez en comprometéndome coa custodia dunha xove dama sen mesmo saber o seu apelido; e agrilloado como estaba por promesas, de cuxas razóns para mas impor non sabía ren, nin sequera podía dirixir as miñas pescudas dicindo que a dama nova desaparecida era a filla da condesa que fixera a súa partida unhas poucas horas antes.

»Pasou a mañá. Estaba clara a luz do día antes de que abandonase a miña busca. Non foi ata preto das dúas do día seguinte que ouvimos algo da miña custodiada desaparecida.

»Sobre esa hora un servente golpeou na porta de miña sobriña, para lle dicir que lle pedira encarecidamente unha dama nova, que parecía estar en grande apuro, para descubrir onde podía atopar o xeneral barón Spielsdorf e mais a dama nova que era súa filla, a cuxo coidado a deixara súa nai.

»Velaí non podía haber dúbida ningunha, malia a leve inexactitude, que a nosa xove amiga reaparecera; e tanto que o fixo. Quixera o ceo que a perdésemos!

»Ela contoulle a miña pobre nena unha historia para explicar como fracasara en volver atoparnos durante tanto tempo. Ben tarde, dixo, fora ao cuarto da ama de chaves desesperada por nos encontrar, e entón caera nun sono profundo que, longo como foi, apenas lle abondara para recobrar as forzas após as fatigas do baile.

»Aquel día Millarca veu a casa connosco. Eu estaba unicamente tan feliz, despois de todo, por lograr unha compañeira tan encantadora para miña querida rapaza.

### XIII

#### O LEÑADOR

»Alí pronto, con todo, apareceron algúns inconvenientes. En primeiro lugar, Millarca queixábase dunha languidez extrema (a febleza que lle permanecía após a súa recente doenza) e nunca saía do seu apousento ata que a tarde estaba bastante avanzada. En segundo lugar, descubriuse accidentalmente, aínda que sempre pechaba a súa porta



por dentro, e xamais tiraba a chave do seu sitio ata que admitía a doncela para asistila no seu aseo, que sen dúbida se ausentaba algunhas veces do seu cuarto de moi mañanciña, e varias veces máis tarde durante o día, antes renxía dentro para que se sobreentendese que estaba a bulir. Viulla repetidamente desde as ventás do *schloss*, durante o primeiro gris apagado do abrente, andando a través das árbores, en dirección ao leste, e parecendo unha persoa en transe. Isto convenceume de que camiñaba durmida. Mais esta hipótese non resolvía o enigma. Como saía da súa alcoba, deixando a porta pechada por dentro? Como escapaba da casa sen desatancar portas nin ventás?

»En medio das miñas perplexidades, unha inquietude dunha clase moito máis urxente presentouse.

»Miña querida nena comezou a perder o seu feitío e mais a súa saúde, e iso dun xeito tan misterioso, e mesmo horríbel, que quedei completamente asustado.

»Ao inicio visitábana soños aterradores; logo, coma se imaxinase que un espectro, por veces parecéndose a Millarca, outras veces coa figura dunha besta, vista confusamente, camiñaba ao redor dos pés da cama, dun lado a outro. Ao cabo chegaron sensacións. A primeira, non desagradábel, pero moi peculiar, dixo, semellaba o fluxo dunha corrente xeadada contra o seu peito. Posteriormente, sentiu algo coma se un par de agullas largas a furasen, un pouco abaixo da gorxa, cunha dor moi punxente. Unhas poucas noites despois, seguiulle unha sensación gradual e convulsiva de esganadura; logo chegou a inconsciencia.

Puiden ouvir claramente cada palabra que o bondadoso e vello xeneral estaba a dicir, porque nese instante nos estabamos a mover sobre a curta herba que se espalla a cada beira do camiño ao nos aproximar á aldea sen teitumes que non amosara o fume dunha cheminea durante máis de medio século.

Vostede pode conxectar o estraña que me sentín cando ouvín os meus propios síntomas tan exactamente descritos naqueles que experimentara a pobre rapaza que, de non ser pola catástrofe que seguiu, estaría naquel momento de visita no castelo de meu pai. Vostede pode supor, tamén, o que sentín cando lle ouvín detallar hábitos e peculiaridades misteriosos que eran, de feito, os da nosa fermosa hóspede, Carmilla!

Unha vista abriuse no bosque; estabamos de súpeto baixo as chemineas e pinches da aldea ruínosa, e as torres e ameas do castelo desmantelado, ao redor do cal agrupábanse árbores xigantescas, que se penduraban dunha escasa elevación sobre nós.

Dentro dun soño amedrentador descendín da carruaxe, e en silencio, porque tiñamos cada un abundante materia para cavilar; pronto ascendemos a pendente, e

estivemos entre as cámaras espazosas, as escadas de caracol e os corredores escuros do castelo.

-E isto foi unha vez a residencia palaciana dos Karnstein! –dixo o vello xeneral á fin, mentres desde unha gran ventá miraba para a aldea, e vía a extensión cumprida e ondulada da fraga-. Foi unha familia ruín, e aquí escribíronse os seus anais lixados de sangue –continuou-. É duro que poidan seguir, despois de mortos, atormentando a raza humana cos seus degoxos atroces. Aquela é a capela dos Karnstein, alá abaixo.

Apuntou abaixo aos muros grises dun edificio gótico parcialmente visíbel a través da follaxe, nunha baixadiña da encosta.

-E ouzo o machado dun leñador –engadiu-, atarefado entre as árbores que a rodean; posibelmente poida darnos a información que estou a buscar, e indicarnos a tumba de Mircalla, condesa de Karnstein. Eses paisanos preservan as tradicións locais das grandes familias, cuxas historias se esvaece entre os ricos e mais os nobres tan pronto como as familias se extinguen.

-Temos un retrato, no fogar, de Mircalla, a condesa Karnstein; gustaría de velo? –preguntou meu pai.

-Hai tempo abondo, querido amigo –replicou o xeneral-. Coido que vin o orixinal; e un dos motivos que me levaron a vostede antes do que decidira ao primeiro, era explorar a capela á que agora nos achegamos.

-Que! Viu a condesa Mircalla? –exclamou meu pai-. Como?, ela está morta desde hai máis dun século!

-Non tan morta como vostede imaxina, predigo –respondeu o xeneral.

-Confésolle, xeneral, que me desconcerta absolutamente –replicou meu pai, ollándoo por un momento, supuxen, cun retorno da sospeita que lle detectara antes. Porén aínda que había carraxe e mais aborrecemento, por veces, na conduta do vello xeneral, non había nada caprichoso.

-Velaquí me queda –dixo, mentres pasabamos baixo o pesado arco da igrexa gótica, que polas súas dimensións xustificaría a súa condición nese estilo- soamente un obxectivo que me poida interesar durante os poucos anos que me restan sobre a terra, e este é tomar nela a vinganza que, grazas a Deus, aínda pode executar un brazo mortal.

-Que vinganza pode pretender? –preguntou meu pai, con abraio crecente.

-Pretendo decapitar o monstro –contestou, cunha axitación fera, e un pateo que resoou funebremente polas ruínas ocas, e a súa man apertada estaba ao mesmo tempo

levantada, coma se agarrase o mango dun machado, en tanto o sacudía ferozmente no ar.

-Que? –exclamou meu pai, máis desconcertado ca nunca.

-Rabearlle a cabeza.

-Cortarlle a cabeza!

-Asieu, cunha brosa, cunha zapa ou con algo que se poida abrir paso a través da súa gorxa asasina. Vostede ha ouvido –respondeu, a tremer con rabia. E bulindo para adiante dixo-: Esa trabe serviranos de asento; vosa querida nena está fatigada. Que se sente, e, cunhas poucas frases, concluirei a miña horrenda historia.

O bloque cadrado de madeira, que se deitaba no pavimento cuberto de herba da capela, formaba un banco en que me alegrou moito sentarme, e mentres tanto o xeneral chamou polo leñador, que estivera eliminando algunhas pólas que se apoiaban sobre os vellos muros, e, co machado na man, o rexo ancián situouse perante nós.

Non nos puido contar ren deses monumentos; mais había un vello, dixo, un garda forestal desta fraga, morando por agora na casa do crego, a unhas dúas millas de distancia, que nos podería indicar cada monumento da antiga familia dos Karnstein. E, por unha propina, comprometeuse a traelo de volta con el, se lle emprestabamos un dos nosos cabalos, en pouco máis de media hora.

-Hai moito que traballas neste bosque? –preguntou meu pai ao ancián.

-Fun leñador aquí –respondeu no seu *patois*-, ás ordes do garda forestal, toda a miña vida; como o foi meu pai antes de min, e así sucesivamente, tantas xeracións como poden contar. Poderíalle amosar a casa exacta acá na aldea en que viviron os meus devanceiros.

-Como chegou a aldea a estar deserta? –preguntou o xeneral.

-Estaba perturbada por *revenants*, señor; a algúns os rastrearon ata as súas tumbas, alí detectáronos coas probas habituais, e extermináronos da maneira usual: por decapitación, pola estaca ou por cremación. Mais non ata que se asasinara a moitos aldeáns.

»Porén após todas esas actuacións conforme a lei –continuou-, con tantas tumbas abertas, e tantos vampiros privados da súa horribel animación... a aldea non se aliviara. Só un nobre moravo, que deu a casualidade de estar a viaxar por esta ruta, ouviu como estaban as cousas, e sendo experto (coma moita xente no seu país) en tales asuntos, ofreceuse para liberar o lugar do seu tormento. Fíxoo deste xeito: habendo lúa brillante aquela noite, ascendeu, pouco despois do solpor, á torre desta capela, de onde podía ver

claramente o cemiterio debaixo del; vostedes poden velo desde esa ventá. Deste punto observou ata que viu o vampiro saír da súa tumba, e colocar cabo dela o sudario con que se envolvera, e logo se escapulir cara á aldea para atormentar os seus habitantes.

»O forasteiro, en vendo todo isto, baixou do campanario, apañou os envoltorios de liño do vampiro, e levounos para o alto da torre, onde se apostou de novo. Cando o vampiro regresou das súas roldas e botou de menos a súa roupaxe, berrou furiosamente ao moravo, a quen viu na cúspide da torre, e que, en resposta, lle acenou para que subise e a apañase. Daquela o vampiro, aceptando a súa invitación, comezou a gabear o campanario, e tan pronto como acadou as ameas, o moravo, cun golpe da súa espada, fendeu o seu cranio en dúas partes, chimpándoo abaixo ao cemiterio, a onde, descendendo pola escada de caracol, o forasteiro o seguiu e lle cortou a cabeza, e ao día seguinte entregouna xunto co corpo aos aldeáns, que os empalaron e queimaron debidamente.

»Este nobre moravo tiña autorización do entón cabeza de familia para trasladar o sepulcro de Mircalla, condesa de Karnstein, o cal fixo efectivamente, así que en pouco tempo a súa situación se esqueceu de todo.

-Pódesnos indicar onde se encontraba? –preguntou o xeneral, avidamente.

O morador do bosque meneou a cabeza e sorriu.

-Ningunha alma viva llo podería dicir agora –dixo-. Amais, disque o seu corpo se trasladou; pero ninguén está seguro diso tampouco.

Tras falar deste xeito, como o tempo aburaba, soltou o seu machado e partiu, deixándonos para ouvir o resto da estraña historia do xeneral.

## XIV

### O ENCONTRO

-Miña amada nena –proseguiu- agora estaba a empeorar decontado. O médico que a atendía non lograba producir a máis leve mellora na súa doenza, pois tal supuña que era daquela. En vendo a miña alarma, suxeríume unha consulta. Chamei por un competentísimo médico, de Graz. Varios días transcorreron antes de que chegase. Era un home bo e piadoso, así como un erudito. Tras ver a miña pobre pupila xuntos, eles retiráronse á miña biblioteca para conferenciar e discutir. Eu, no cuarto contiguo, onde

agardaba a súa chamada, ouvía as voces deses dous cabaleiros alzándose en algo máis estridente do que unha estrita discusión filosófica. Golpeei na porta e entrei. Atopei o vello médico de Graz defendendo a súa teoría. O seu rival combatíaa con burla indisimulada, acompañada con gargalladas. Esta exhibición indecorosa apazugouse e o altercado rematou coa miña chegada.

»-Señor –dixo o meu primeiro médico-, o meu douto colega semella pensar que vostede necesita un esconxurador, e non un doutor.

»-Perdoe –dixo o vello médico de Graz, parecendo a desgusto-. Exporeille a miña propia visión do caso á miña maneira noutro momento. Lamento, Monsieur le Général, que a miña experiencia e a miña ciencia non lle poidan ser de ningunha utilidade. Antes de marchar terei o honor de lle suxerir algo a vostede.

»Parecía meditabundo, e sentouse á mesa e comezou a escribir. Profundamente decepcionado, fíxenlle unha reverencia e cando me volvía para marchar, o outro doutor sinalou por riba do seu ombro ao seu compañeiro que estaba a escribir, e logo, cun encollemento de ombros, tocou significativamente a súa testa.

»Esta consulta, por tanto, deixoume precisamente onde estaba. Camiñei fóra polos xardíns, case distraído. O doutor de Graz, alcanzoume após dez ou quince minutos. Escusouse por me seguir, mais dixo que en conciencia non se podía despedir sen me dicir unhas poucas palabras máis. Contoume que non podía estar trabucado, que ningunha doenza natural presentaba eses mesmos síntomas; e que a súa morte estaba xa moi próxima. Restáballe, como moito, un día ou talvez dous de vida. Se o ataque fatal se detiña dunha vez, con gran coidado e moita destreza podería posibelmente recobrar o seu vigor. Porén todo pendía agora nos confíns do irrevogábel. Unha acometida máis podería extinguir a derradeira faísca de vitalidade que estaba, en cada momento, pronta para morrer.

»-E cal é a natureza do ataque de que vostede fala? –supliqueille.

»-Expóñolle todo completamente nesta nota, que poño nas súas mans coa condición precisa de que mande buscar o crego máis próximo, e abra a miña carta na súa presenza, e de xeito ningún a lea ata que estea con vostede; pois doutro modo poderíaa desprezar, e é unha cuestión de vida ou morte. Deberíalle faltar o sacerdote para que, daquela, en verdade, vostede poida lela.

»Preguntoume, antes de se despedir finalmente, se desexaría ver un home erudito con moita curiosidade sobre a mesma materia, que, despois de que lese a súa

carta, me interesaría probabelmente por riba de todos os demais, e instoume encarecidamente a invitalo para que me visitase alí; e así se despediu.

»O eclesiástico estaba ausente, e lin a carta por min mesmo. Noutro momento, ou noutro caso, podería provocar a miña mofa. Mais a que curandeirismos non se botará a xente como unha derradeira posibilidade, cando todos os medios costumados fallaron, e a vida dun ser querido está en xogo?

»Nada, vostede dirame, podería ser máis absurdo ca a carta do home erudito. Era monstruosa dabondo como para o enviar a un manicomio. Dicía que a paciente andaba a sofrer as visitas dun vampiro! As picadas que ela describira como situadas preto da gorxa, eran, insistía el, a inserción deses dous longos, delgados e afiados dentes que, é ben sabido, son peculiares dos vampiros; e non podía haber dúbida ningunha, engadía, en canto á presenza ben definida dunha marquiña lívida que todos concordaron en describirla como causada polos beizos dese demo, e que cada síntoma descrito pola vítima estaba en exacta consonancia con aqueles rexistrados en cada caso de visitas similares.

»Sendo de meu totalmente escéptico verbo da existencia de ningún portento tal como o vampirismo, a teoría sobrenatural do bo doutor subministraba, na miña opinión, unicamente outro exemplo de erudición e intelixencia singularmente asociadas con algunha alucinación. Eu era tan desditado, con todo, que, antes que non tentar ren, obrei segundo as instrucións da carta.

»Oculteime no escuro cuarto de vestir que comunicaba coa alcoba da pobre paciente, en que unha candeia estaba acesa, e vixiei alí ata que ela quedou profundamente durmida. Permanecín na porta, asexando a través da físgoa, coa miña espada deixada sobre a mesa cabo de min, como prescribían as miñas instrucións, ata que, un pouco despois, vin unha cousa cumprida e negra, moi mal definida, que se arrastrou, así mo pareceu, aos pés da cama, e axiña se espallou sobre a gorxa da pobre rapaza, onde engrosou, nun intre, nunha masa grande e latexante.

»Durante uns instantiños quedei paralisado. Logo me lancei adiante, coa espada na man. A negra criatura de socato encolleuse preto dos pés da cama, escorregou, e, situándose no chan a unha iarda tras dos pés da cama, cunha intensa mirada a fitarme de ferocidade agochada e horror, vin a Millarca. Non sabendo que pensar, golpeeina ao momento coa espada; mais vin que permanecía cabo da porta, ilesa. Horrorizado, perseguina e golpeeina de novo. Ela fórase; e a miña espada saltou en anacos contra a porta.

»Non lle podo describir todo o que pasou naquela noite horríbel. A casa enteira estaba levantada e en movemento. O espectro de Millarca fórase. Mais a súa vítima estaba a esmorecer á présa, e antes de que a mañá raiase, morreu.

O vello xeneral estaba conmovido. Nós non lle dixemos ren. Meu pai camiñou a unha pouca distancia, e comezou a ler as inscricións das lápidas; e ocupado desta maneira, pasou a porta dunha capela lateral para proseguir as súas pescudas. O xeneral apoiouse no muro, secou os seus ollos e suspirou profundamente. Alivieime ao ouvir as voces de Carmilla e Madame, que se achegaban naquel momento. As voces esvaecéronse.

Nesta soidade, acabando de escoitar unha historia tan estraña, relacionada, como estaba, con defuntos podentes e nobres, cuxos monumentos estaban a se esboroar entre o po e a hedra ao redor de nós, e cada incidente da cal imitaba tan atrozmente o meu propio caso misterioso... neste lugar encantado, escurecido pola follaxe elevada que subía en cada lado, densa e alta sobre os muros silenciosos... un horror comezou a me invadir, e o meu ánimo abateuse cando pensei que as miñas amigas non estaban para entrar, despois de todo, e turbar esta escena triste e ominosa.

Os ollos do vello xeneral fitaban o chan, mentres apoiaba a man sobre o basamento dun monumento esnaquizado.

Baixo un portal estreito e arqueado, coroado por unha desas representacións demoníacas en que a fantasía cínica e espantosa da vella escultura gótica se deleitaba, vin de moi boa gana a bela face e figura de Carmilla a entrar na capela sombriza.

Estaba para me erguer e lle falar, e saudábaa risoña coa cabeza, en resposta ao seu sorriso peculiarmente atractivo; cando cun berro, o ancián a par de min empuñaba a brosa do leñador e lanzábase adiante. En véndoo aconteceu un cambio brutal nas súas faccións. Foi unha transformación instantánea e horríbel, mentres daba un encollido paso atrás. Antes de que eu puidese soltar un chío, golpeouna con toda a súa forza, mais ela agachouse ante a súa pancada, e indemne, suxeitouno co seu diminuto agarramento polo pulso. El forcexou durante un momento para ceibar o seu brazo, pero a súa man abriuse, o machado caeu ao chan, e a rapaza marchara.

El cambaleou contra o muro. Os cabelos ruzos puxéronse irtos na súa cabeza, e unha humedén brillaba na súa cara, coma se estivese a piques de morrer.

A escena arrepiante sucedera nun intre. A primeira cousa que recordo despois, é a Madame de pé ante min, e repetíndome impacientemente unha e outra volta a pregunta:

-U-la Mademoiselle Carmilla?

Ao cabo respondinlle:

-Non o sei... Non o podo dicir... Marchou por aló –e sinalei a porta pola que Madame acababa de entrar-; hai só un ou dous minutos.

-Mais eu permanecín alí, na pasaxe des que Mademoiselle Carmilla entrou; e ela non regresou.

Ela daquela comezou a gritar: “Carmilla”, por cada porta e corredor e desde as ventás, pero non obtivo resposta.

-Ela chámase Carmilla? –preguntou o xeneral, aínda conmovido.

-Carmilla, si –respondín.

-Asieu –dixo-; iso é, Millarca. Esa é a mesma persoa que antano se chamaba Mircalla, condesa de Karnstein. Parta desta terra maldita, miña pobre nena, tan axiña como poida. Diríxase á casa do crego, e agarde alá ata que cheguemos. Lisque! Que non poida ver a Carmilla nunca máis; non a atopará aquí.

## XV

### ORDALÍA E EXECUCIÓN

En tanto falaba un dos homes de aspecto máis estraño que eu nunca vira entrou na capela pola porta pola que Carmilla fixera a súa entrada e mais a súa saída. Era espigado, de peito estreito, eslombado, con ombros altos, e vestía de negro. O seu rostro era moreno e estaba sucado por engurras fondas; levaba un chapeu de feitura singular cunha aba larga. A súa cabeleira, longa e agrisada, colgáballe sobre os ombros. Levaba un par de anteollos dourados, e camiñaba amodo, cun senlleiro andar arrastrado, na súa cara por veces levantada para o ceo, e por veces inclinada para o chan, parecía haber un sorriso perpetuo; os seus brazos longos e delgados bambeábanse, e as súas mans fracas, cunhas vellas luvas negras tan folgadas de máis para elas, movíanse e xesticulaban en absoluta abstracción.

-O home necesario! –exclamou o xeneral, avanzando con gozo manifesto-. Meu querido barón, que feliz estou de velo, non tiña esperanza ningunha de atopalo tan pronto.



Fixo un sinal a meu pai, que por entón regresara, e levou o fantástico cabaleiro vello ao que chamaba “o barón” a se encontrar con el. Presentoullo formalmente, e eles metéronse no acto nunha conversa moi seria. O forasteiro apañou un rolo de papel do seu peto, e espallouno sobre a superficie gastada dunha tumba que estaba a carón. Tiña un estoxo de lapis nos dedos, cos que trazou liñas imaxinarias dun punto a outro no papel, en que eles a miúdo lanzaban miradas, xuntos á vez, del a certos puntos do edificio, polo que concluí que era un plano da capela. Acompañaba a súa disertación, se a podo nomear así, con leituras ocasionais dun libriño suxo, cuxas follas amarelas estaban apertadamente escritas.

Pasearon xuntos baixo a nave lateral, oposta ao sitio onde me encontraba, conversando mentres andaban; despois comezaron a medir distancias por pasos, e finalmente detivéronse todos xuntos, fronte a un pedazo do muro lateral, que comezaron a examinar con gran minuciosidade; arrincando a hedra que colgaba sobre el, e golpeando o xeso coas punteiras dos bastóns, fragmentando acá e batendo acolá. Ao cabo descubriron a existencia dunha larga lápida de mármore, con letras talladas en relevo.

Coa axuda do leñador, que regresou pronto, destaparon unha inscrición monumental e un escudo de armas. Resultando seren os do monumento de Mircalla, condesa de Karnstein, durante tanto tempo perdido.

O vello xeneral, aínda que non moi dado ás pregarias, témome, elevou as súas mans e mais os seus ollos ao ceo en mudo agradecemento por uns intres.

-Mañá –ouvino dicir-, estará aquí o comisionado, e a Inquisición estará presente conforme a lei.

Logo volvéndose para o ancián das lentes douradas, que describín, estreitoulle calorosamente ambas as mans e díxolle:

-Barón, como llo podo agradecer? Como todos llo podemos agradecer? Vostede liberou esta rexión dunha praga que azoutou os seus habitantes durante máis dun século. O horríbel inimigo, grazas a Deus, está por fin localizado.

Meu pai levou o forasteiro á parte, e o xeneral seguiunos. Sabía que os levara fóra do alcance do meu ouvido, para poderlles relatar o meu caso, e víaos a miúdo lanzarme rápidas miradas, mentres proseguía a discusión.

Meu pai achegouse a min, bicoume unha e outra vez, e levándome da capela, díxome:

-É hora de regresarmos, mais antes de ir a casa, debemos engadir o bo crego ao noso grupo, que vive só a un pasiño disto; e persuadilo de que nos acompañe ao *schloss*.

Tivemos éxito nesta busca, e eu estaba contenta, estando indicibelmente fatigada cando chegamos ao fogar. Mais a miña satisfacción mudouse en desazo, en descubriendo que non había noticias de Carmilla. Non me deron explicación ningunha da escena que ocorrera na capela ruínosa, e estaba claro que era un segredo que meu pai de momento decidira gardalo de min.

A sinistra ausencia de Carmilla fixo a lembranza da escena máis horríbel para min. As disposicións para a noite foron singulares. Dúas serventas e Madame estiveron en vela no meu aposento esa noite; e o eclesiástico xunto con meu pai vixiaron no cuarto de vestir contigo.

O crego realizara determinados ritos solemnes esa noite, cuxo significado non entendía moito máis do que comprendía a razón desa extraordinaria precaución tomada para a miña seguranza durante o sono.

Vino todo claramente algúns días despois.

Á desaparición de Carmilla seguiu a interrupción dos meus sofrementos nocturnos.

Vostede ouviría, sen dúbida, sobre a espantosa superstición que reina na Alta e Baixa Estiria, en Moravia, en Silesia, na Serbia turca, en Polonia, mesmo en Rusia; a superstición, podémola chamar así, do vampiro.

Se o testemuño humano, tomado con todo coidado e solemnidade, xudicialmente, perante comisións innumerábeis, cada unha constituída por moitos membros, elixidos todos pola súa integridade e intelixencia, que emiten informes máis voluminosos talvez ca os existentes sobre calquera outra clase de casos, ten valía en algo, é difícil negar ou mesmo dubidar a existencia dun fenómeno tal como o vampiro.

Pola miña parte non coñezo ningunha outra teoría que explique o que eu mesma presenciei e experimentei, que a subministrada pola crenza antiga e ben testemuñada do país.

Ao día seguinte tiveron lugar os procedementos formais na capela dos Karnstein. Abriuse a tumba da condesa Mircalla; e tanto o xeneral coma meu pai recoñeceron a súa pérvida e fermosa hóspede na face que agora se expuña á vista. As faccións, aínda que pasaran uns cento cincuenta anos desde o seu enterro, tinxíanse da calor da vida. Os seus ollos estaban abertos; ningún fedor cadavérico exhalaba do cadaleito. Os dous médicos presentes, un oficialmente, o outro de parte do promotor da investigación,

atestaron o feito marabillioso de que había unha respiración feble pero apreciábel, e unha acción correspondente do corazón. Os membros eran perfectamente flexíbeis, a carne elástica; e o ataúde plúmbeo asolagábase de sangue, en que o corpo se deitaba inmerso a unha profundidade de sete polgadas. Aí entón, estaban todos os sinais e as probas admitidos do vampirismo. Por conseguinte, de acordo coa práctica antiga, alzaron o corpo e cravaron unha estaca afiada no corazón do vampiro, que proferiu un alarido punxente no intre, en todo xeito semellante ao que se pode escapar dunha persoa viva na súa derradeira agonía. Logo lle cortaron a cabeza, e un torrente de sangue manou do seu pescozo seccionado. O corpo e mais a cabeza colocáronse a seguir sobre unha morea de leña e reducíronse a cinzas, que se guindaron ao río para as levar lonxe, e desde entón ese territorio nunca se volveu atormentar polas visitas dun vampiro.

Meu pai ten unha copia do informe da Comisión Imperial, coas sinaturas de todos os que estiveron presentes neses procedementos, anexas en verificación da declaración. É deste papel oficial do que resumín a miña descrición desta derradeira escena espantosa.

## XVI

### CONCLUSIÓN

Vostede supón que escribo todo isto con acougo. Mais lonxe disto, non o podo recordar sen axitación. Nada agás o seu máis encarecido desexo tan repetidamente expresado, podíame inducir a me pór a unha tarefa que transtornou os meus nervos durante meses por vir, e removeu a sombra dun horror indicíbel que anos despois da miña liberación continúa a facer arrepiantes os meus días e as miñas noites, e a soidade insoportabelmente terrorífica.

Déixeme engadir unha ou dúas palabras sobre aquel singular barón Vordenburg, a cuxo curioso saber nos endebedamos para a descuberta da tumba da condesa Mircalla.

Fixara a súa residencia en Graz, onde vivía dunha simple renda, que era todo o que lle restaba das outrora propiedades principescas da súa familia, na Alta Estiria, entregado á investigación meticulosa e laboriosa da tradición marabillosamente autenticada do vampirismo. Coñecía de cor todos os grandes e pequenos traballos sobre a materia: *Magia posthuma*, *Phlegon de mirabiliis*, *Augustinus de cura pro mortuis*,

*Philosophicae et christianae cogitationes de vampiris*, de John Christofer Herenberg; e un milleiro doutras, entre as que lembro soamente unhas poucas das que emprestou a meu pai. Tiña unha recompilación voluminosa de todos os casos xudiciais, da que extraera un sistema de principios que parecían gobernar (algúns sempre, e outros só ocasionalmente) a condición do vampiro. Podo mencionar, de paso, que a palidez mortal atribuída a esa sorte de *revenants* é unha mera ficción melodramática. Presentan na tumba, e cando se amosan na sociedade humana, unha aparencia de vida saudábel. Cando llelos expón á luz nos seus cadaleitos, exhiben todos os síntomas que se enumeraron como os que probaron a vida vampírica da condesa Karnstein, morta había tanto tempo.

Como escapan das súas tumbas e regresan a elas durante determinadas horas cada día, sen remover a terra nin deixar rastro ningún de alteración no estado do ataúde nin das mortallas, sempre se admitiu ser totalmente inexplicábel. A existencia dual do vampiro sostense polo letargo renovado acotío na tumba. A súa avidez horríbel de sangue vivente proporcionalle o vigor para a súa existencia esperta. O vampiro é propenso a se fascinar cunha vehemencia acaparadora, semellante á paixón amorosa, por persoas determinadas. En persecución destas practica unha paciencia e unha estratexia inesgotábeis, pois o acceso a un obxectivo particular pódese dificultar de mil maneiras. Xamais desistirá ata que sacie a súa paixón e apure a vida mesma da súa cobizada vítima. Mais, nestes casos, economizará e demorará o seu gozo asasino co refinamento dun epicúreo, e aumentaráo polos achegamentos graduais dun galanteo enxeñoso. Neses casos parece devercer por algo como a simpatía e o consentimento. En casos ordinarios vai directo á súa presa, asobállaa con violencia, e a miúdo esgánaa e esgótaa nun festín único.

O vampiro está, aparentemente, suxeito, en certas situacións, a condicións especiais. No caso particular do que lle fixen unha narración, Mircalla parecía estar limitada a un nome que, se non era realmente o seu, debía ao menos reproducir sen a omisión nin a adición dunha soa letra, como diríamos, a modo de anagrama, as letras que o compoñen. *Carmilla* cumpriu isto, e tamén *Millarca*.

Meu pai relatou ao barón Vordenburg, que ficou connosco durante dúas ou tres semanas após a expulsión de Carmilla, a historia sobre o nobre moravo e o vampiro do cemiterio de Karnstein, e despois preguntoulle ao barón cómo descubrira a posición exacta da tumba, tanto tempo oculta, da condesa Mircalla. As faccións grotescas do

barón engurráronse nun sorriso misterioso; baixou a vista, aínda a sorrir, ao seu gastado estoxo dos anteollos e sobouno. Logo alzando a vista, díxolle:

-Teño moitos diarios e outros papeis escritos por ese home extraordinario; o máis curioso de todos é un que trata da visita de que falou vostede, a Karnstein. A tradición, xaora, destínxea e falséaa un chisco. Púidollo nomear como un nobre moravo, porque trasladara a súa residencia a ese territorio e era, ademais, un nobre. Mais era, en verdade, nativo da Alta Estiria. Abonda con dicir que na súa moi temperá mocidade fora amador apaixonado e preferido da bela Mircalla, condesa de Karnstein. A morte prematura dela afundiuno nun pesadume inconsolábel. Está na natureza dos vampiros creceren e se multiplicaren, pero consoante unha lei indagada e espectral.

»Supoña, de partida, un territorio perfectamente libre desa peste. Como se inicia e como se multiplica? Direillo. Unha persoa, máis ou menos malvada, pon fin á súa vida. Un suicida, baixo certas circunstancias, convértese en vampiro. Ese espectro visita a persoas vivas durante os seus soños; elas morren e na tumba, case invariabelmente, transfórmanse en vampiros. Isto sucedeu no caso da bela Mircalla, á que acosara un deses demos. O meu devanceiro Vordenburg, cuxo título aínda levo, pronto descubriu isto, e no decurso dos estudos aos que se entregou, aprendeu moito máis.

»Entre outras cousas, concluíu que a sospeita de vampirismo recaería, probabelmente, antes ou despois, sobre a condesa finada, que en vida fora o seu ídolo. Comprende o horror, fose ela o que for, de que os seus restos se profanasen pola aldraxe dunha execución póstuma. El deixou un curioso documento que proba que ao vampiro, na expulsión da súa existencia dual, llo envía a unha vida lonxincua máis horríbel; e resolveu salvar a súa antano amada Mircalla disto.

»Adoptou a estrataxema dunha viaxe a acó, un pretendido traslado dos seus restos, e unha ocultación real do seu monumento. Cando a vellez o sorprendeu e se achegaba a fin dos seus días, lembrando as escenas que estaba a deixar atrás, considerou cun espírito diferente o que fixera, e o horror apoderouse del. Fixo os trazados e as notas que me guiaron ao sitio exacto, e redactou unha confesión do engano que practicara. Se tentaba algunha acción ulterior neste asunto, a morte evitouno; e é a man dun descendente remoto a que dirixiu, demasiado tarde para moitos, a busca do tobo da besta.

Falamos un pouco máis, e entre outras cousas dixo isto:

-Un sinal do vampiro é o poder da man. A man delgada de Mircalla cerrouse coma unha torniqueta de aceiro no pulso do xeneral cando alzou a brosa para a golpear.

Mais o seu poder non se limita ao agarramento: deixa un engoumamento no membro que ase, que este se recupera moi devagar, ou nunca.

A primavera seguinte meu pai levoume a unha viaxe por Italia. Permanecemos lonxe durante máis dun ano. Pasou moito tempo antes de que diminuíse o terror dos sucesos recentes; e neste momento a imaxe de Carmilla vólveme á memoria con alternancia ambigua: ás veces como a rapaza brincallona, lánguida e fermosa; e outras como o demo retorto que vin na igrexa ruínosa. E a miúdo durante unha abstracción sobrealteime, en imaxinando que ouvía o paso lixeiro de Carmilla na porta do salón.

FIN